

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN DA
TESOURERÍA DA ADMINISTRACIÓN XERAL
EXERCICIOS 2014-2016**

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	9
I.1. ANTECEDENTES Á FISCALIZACIÓN	9
I.2. ÁMBITO, OBXECTIVOS E ALCANCE.....	9
I.3. NORMATIVA APLICABLE	10
II. RESPONSABILIDADES.....	11
II.1. RESPONSABILIDADE DO ÓRGANO DE DIRECCIÓN	11
II.2. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS.....	11
III. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN.....	12
III.1. A CONTA DE TESOURERÍA. REFLEXO CONTABLE	12
III.1.1. Ámbito e funcións da tesourería.....	12
III.1.2. Control interno	13
III.1.3. Información contable da tesourería	16
III.2. PROCEDIMENTOS DE XESTIÓN DA TESOURERÍA	19
III.2.1. Organización e funcionamento das caixas	19
III.2.2. Orzamentos de tesourería, liquidez e necesidade de endebedamento	26
III.2.3. Xestión da tesourería descentralizada	27
III.3. PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO.....	31
III.3.1. Regulación e método de cálculo.....	31
III.3.2. A publicidade do período medio de pagamento.....	33
III.3.3. A implantación do rexistro de facturas	33
III.3.4. Comparación de datos do período medio de pagamento 2014-2016.....	34
IV. OPINIÓN/CONCLUSIÓN.....	37
V. RECOMENDACIÓNS.....	39
VI. ALEGACIÓNS	41
VII. RÉPLICAS.....	67
VIII. ANEXO	79

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1. Existencias iniciais e finais do período 2014-2016. Conta de Tesourería. (Euros)	16
Cadro 2. Saldo da conta de Tesourería corrixido cos saldos das contas de habilitación. (Euros)	17
Cadro 3. Contraste de rexistros contables de existencias finais. 2014-2016. (Miles de euros)	17
Cadro 4. Información que ofrece o subgrupo 57 do balance. Tesourería 2014-2016. (Euros)	18
Cadro 5. Caixas en 2016. (Euros)	19
Cadro 6. Actas de arqueo 2014-2016. (Miles de euros)	23
Cadro 7. Inventario de contas 2011-2016	24
Cadro 8. Evolución mensual das existencias s/ orzamentos de tesourería 2014. (Miles de euros)	27
Cadro 9. Contas xestionadas polas habilitacións 2014-2016. (Euros)	28
Cadro 10. Comparativa período medio de pagamento Galicia-conxunto das CC.AA. (En días)	35
Cadro 11. Entidades cun período de pagamento a provedores máis elevado. (En días)	35



ÍNDICE DE ANEXOS

ANEXO.....	81
------------	----

ABREVIATURAS

AGI	Axencia Galega de Infraestruturas
AGSS	Axencia Galega de Servizos Sociais
AMTEGA	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
ATRIGA	Axencia Tributaria de Galicia
HAP	Hacienda y Administraciones Públicas
SEF	Sistema electrónico de facturación
SERGAS	Servizo Galego de Saúde
TRLRFOG	Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia

I. INTRODUCCIÓN

I.1. ANTECEDENTES Á FISCALIZACIÓN

1.1. O Pleno do Consello de Contas, por acordo do 4 de decembro de 2015, aprobou o plan anual de traballo para o ano 2016, no que se contempla a realización, a iniciativa do propio Consello, do informe de fiscalización sobre a Conta de Tesourería da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

As directrices técnicas ás que debía suxeitarse a fiscalización foron incluídas no programa aprobado polo Pleno.

Esta fiscalización complementa as áreas de traballo dos informes da Conta Xeral da Comunidade Autónoma dos exercicios 2014-2016.

I.2. ÁMBITO, OBXECTIVOS E ALCANCE

1.2. Constitúe o ámbito subxectivo da presente fiscalización a Tesourería da Administración xeral da Comunidade Autónoma. A fiscalización realizada refírese aos exercicios 2014-2016.

Os obxectivos xerais desta fiscalización foron os seguintes:

- Comprobar se a xestión económica e financeira dos fondos que compoñen a Tesourería se atopa reflectida adecuadamente nos rexistros contables, e estes se presentan de conformidade co marco da información financeira que resulta aplicable.
- Analizar e avaliar a existencia e o efectivo cumprimento dos sistemas de control interno propios desta área de xestión.
- Verificar o cumprimento das normas e disposicións aplicables á xestión dos fondos públicos mencionados.
- Verificar se a organización e o funcionamento da tesourería responde a criterios de racionalidade e boa xestión e se existen áreas de mellora.

A fiscalización inclúe a análise de contas correntes utilizadas pola Administración, con especial incidencia nas conciliacións bancarias, apertura e peche das mesmas, a valoración da normativa aplicable ao seu funcionamento, a identificación de riscos e controis e o proceso de ordenación de pago en relación co período medio de pagamento (PMP) a provedores.

De acordo con estes obxectivos, efectuouse unha fiscalización combinada, incorporando aspectos financeiros, operativos e de cumprimento, conforme aos principios e normas de fiscalización contidos nas ISSAI-ES.

I.3. NORMATIVA APLICABLE

1.3. A normativa aplicable máis relevante que se toma en consideración ao longo do informe é a seguinte:

- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- Decreto 302/1992, do 22 de outubro, polo que se establece o procedemento para a realización das operacións de tesourería do SERGAS.
- Decreto 51/1985, do 21 de marzo, sobre situación e dispoñibilidade de cantidades libradas en firme e a xustificar.
- Decreto 201/2003, do 20 de marzo, da Consellería de Presidencia, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
- Lei 3/2004, do 29 de decembro, de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións públicas.
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, no relativo ás obrigas de subministración de información no ámbito das Comunidades Autónomas.

II. RESPONSABILIDADES

II.1. RESPONSABILIDADE DO ÓRGANO DE DIRECCIÓN

2.1. A Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro debe garantir que as actividades, as operacións financeiras e a información reflectidas na conta de Tesourería resultan conformes coas normas aplicables, e establecer os sistemas de control interno que considere necesarios para garantir que a preparación e presentación desta información estea libre de incumprimentos legais e de incorreccións materiais debidos a fraude ou erro.

II.2. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

2.2. A responsabilidade do Consello de Contas é expresar unha opinión de auditoría financeira e de cumprimento en relación coa conta de Tesourería dos exercicios 2014-2016.

O traballo levouse a cabo de conformidade cos principios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo. Esta normativa esixe que se cumpran os requirimentos de ética, así como que se planifique e execute a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que a conta de Tesourería estea libre de incorreccións materiais.

Unha fiscalización require a aplicación de procedementos para obter evidencias de auditoría sobre os importes e a información revelada na conta presentada. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración de riscos de incorreccións materiais e de incumprimentos significativos de legalidade.

No ámbito da auditoría de cumprimento, a revisión limitouse basicamente á aplicación de procedementos analíticos e actividades de indagación, polo que a nosa conclusión proporciona só unha seguridade limitada, acorde co traballo realizado no contexto da revisión sobre cumprimento.

Consideramos que as evidencias de auditoría que obtivemos proporcionan unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión de auditoría financeira e para fundamentar as nosas conclusións sobre o cumprimento da legalidade, que expresamos en forma de seguridade limitada.

III. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN

III.1. A CONTA DE TESOURERÍA. REFLEXO CONTABLE

III.1.1. ÁMBITO E FUNCIÓNS DA TESOURERÍA

3.1. Desde un punto de vista obxectivo, a Tesourería está integrada pola totalidade dos recursos financeiros, calquera que sexa a súa natureza ou orixe. Tal e como establece o apartado primeiro do artigo 87 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, “constitúen a Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores, créditos e os demais produtos das operacións de endebedamento da Comunidade e dos seus organismos autónomos, que se xeren tanto por operacións orzamentarias como extraorzamentarias”.

Desde o punto de vista das entidades a considerar dentro do ámbito da Tesourería, o artigo 87 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia inclúe na Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia a da Administración xeral, a dos seus organismos autónomos e, trala Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais e administrativas, a das axencias públicas autonómicas, a das entidades públicas empresariais e a das entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento.

Esta lei reforma a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia co obxecto de adecuar o seu contido ao da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e acadar un maior control e unha mellor xestión de todos os recursos financeiros que constitúen a Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxecto deste informe céntrase no ámbito da Tesourería da Administración xeral, así como na análise das funcións de control e tutela que a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro debe exercer sobre a totalidade das entidades que conforman a Tesourería da Comunidade Autónoma.

Agora ben, o ámbito e a Conta da Tesourería da Administración xeral inclúe, tal e como se rende, os fluxos de tesourería daquelas entidades que, por non ter tesourería propia, están no que se denomina un réxime de tesourería centralizada: SERGAS, Axencia Galega de Infraestruturas¹, AMTEGA e Axencia Galega de Servizos Sociais. Nestas entidades, a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro realiza as operacións de ingreso e de ordenación e realización material dos pagamentos.

¹ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

O anexo I deste informe describe o estado da Tesourería da Comunidade Autónoma no exercicio 2016 reflectido no informe-memoria da Conta Xeral diferenciando entre a Administración xeral e o resto de entidades do sector público autonómico.

3.2. O desenvolvemento e a execución das funcións da Comunidade Autónoma de Galicia na xestión da Tesourería corresponde á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro. Entre estas funcións destacan:

- a) A xestión da Tesourería da Comunidade Autónoma no que afecta á realización dos ingresos e á execución dos pagamentos.
- b) A autorización e réxime das contas bancarias que lle corresponda autorizar a esta dirección xeral.
- c) A elaboración dos orzamentos de tesourería, así como a realización trimestral dos cadros de fluxos financeiros.
- d) Por último, a recepción, custodia e devolución dos depósitos e fianzas que se constitúan nos servizos centrais da Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia.

III.1.2. CONTROL INTERNO

3.3. O control interno en xeral debe asegurar un adecuado marco normativo e de procedementos que contribúa á seguridade das operacións realizadas en calquera área, e en especial nunha área tan sensible a riscos como a Tesourería.

Os fondos da Comunidade Autónoma deben situarse, segundo a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Banco de España ou en entidades de crédito e aforro que operen en Galicia. Esta mesma lei permite instrumentar operacións activas para a súa adecuada rendibilidade baixo o principio de seguridade na súa colocación, e remite ao que estableza a Consellería de Facenda respecto do réxime xeral de autorizacións para a situación e colocación de fondos, natureza das contas, control e disposición dos fondos, e dos servizos de colaboración que se concerten coas entidades financeiras.

O Decreto 51/1985 da Consellería de Economía e Facenda, sen revisión desde ese ano, regula a situación e dispoñibilidade dos fondos en firme e a xustificar e, de forma moi sucinta, os controis de autorización e réxime de funcionamento das contas bancarias. Desde entón a Comunidade Autónoma non promoveu un desenvolvemento normativo do réxime de funcionamento e xestión

destas contas acorde coas esixencias e crecemento do volume de fondos xestionados pola Comunidade Autónoma e, neste sentido, faise necesaria unha actualización normativa que regule, entre outros aspectos, os tipos de contas permitidas, o procedemento a seguir na apertura e cancelación de contas, a instrumentación das relacións de colaboración coas entidades financeiras, as relacións do Tesouro cos centros de xestión con autonomía con contas abertas, o réxime de control sobre estas, e mesmo a regulación dun inventario de tódalas contas autorizadas cun contido mínimo dispoñible para un adecuado control.

Aproveitando a necesidade desa actualización normativa, e dado o carácter sensible a riscos da área de tesourería, sería de interese incorporar aspectos que axuden a forxar unha normativa máis preventiva fronte á posibles irregularidades derivadas de condutas que impliquen falta de integridade ou transparencia.

3.4. Concibido nun sentido amplo, o control da tesourería é unha actividade que incumbe tanto á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro como á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. Desde o punto de vista da Intervención, o artigo 87.2 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia dispón que “as dispoñibilidades da tesourería e as súas variacións quedan suxeitas a intervención e deben ser rexistradas de conformidade coas normas da contabilidade pública”.

O devandito control da Intervención Xeral desenvólvese de ordinario a través dos procedementos de intervención formal da ordenación do pago e da súa intervención material. A través da Intervención Delegada de Facenda fiscaliza as conciliacións das contas correntes e os arqueos realizados nas caixas.

3.5. A Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro ostenta un papel activo no control dos fondos públicos, dado que ao devandito centro lle corresponde facer as comprobacións oportunas sobre a totalidade das contas da Tesourería. Estre as súas funcións está a de autorizar estas contas, velar pola integridade dos fondos que manexa e pola adecuada distribución no tempo dos recursos financeiros, de forma que as previsións da recadación permitan afrontar o cumprimento das obrigas ao seu vencemento. A análise do control interno presenta as seguintes consideracións:

3.5.1. O réxime de autorización de contas afecta ás que manexa directamente a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, e tamén a tódalas contas que integran a Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia: contas das habilitacións de gasto, dos centros da Administración xeral con

autonomía de xestión como as dos centros docentes (artigo 12 do Decreto 201/2003), ou contas de entidades e centros da Administración instrumental.

Un primeiro aspecto destacable que se advertiu, que reflexa unha debilidade do control interno, foi a inexistencia de información completa sobre o número e condicións das contas bancarias abertas (con firmas autorizadas, saldos e censo ou inventario de habilitados), que se puxo de manifesto ao realizar o contraste da relación de contas entregada ao Consello coa obtida por esta Institución a través da circularización bancaria.

Neste sentido, neste momento por parte da Consellería non se teñen arbitrado medidas técnicas e normativas para o adecuado control desas contas.

3.5.2. O control sobre a integridade dos fondos públicos lévase a cabo mediante a verificación de que o saldo contable das existencias de tesourería é coincidente co saldo real a unha data determinada. Neste ámbito, respecto das contas xestionadas pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, achégase ás contas anuais a seguinte documentación:

- As actas de arqueo relativas aos centros contables, comprensivas dos movementos e existencias de fondos e valores a fin de exercicio.
- Conciliacións das diferenzas entre saldos contables e bancarios ao final do exercicio, e certificados dos saldos bancarios referidos a fin de exercicio.

Segundo os datos facilitados por esta dirección xeral, os saldos que figuran nas certificacións bancarias coinciden cos valores contables.

Non se achega, non obstante, coas contas anuais as conciliacións e os certificados de saldos a final do exercicio das contas de habilitación e dos centros con autonomía de xestión.

3.5.3. Por último, un instrumento que o ordenamento xurídico pon a disposición da Tesourería para garantir unha correcta distribución temporal dos recursos financeiros é o plan de disposición de fondos, que ten por obxecto establecer a prioridade no pago das distintas obrigas, respectando en todo caso a preferencia de pago dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores.

Os obxectivos que se pretenden coa aprobación deste plan serían, entre outros, axustar a expedición das ordes de pago ás disponibilidades líquidas da Tesourería e establecer os prazos máximos e datas en determinados pagamentos e capítulos de gasto que pola súa importancia e repercusión social ou económica, é convinte que quede reflectido o seu período de libramento.

Pese ao seu carácter de instrumento básico de xestión da Tesourería por parte das Administracións, o último plan aprobado que se puxo a disposición deste equipo de fiscalización foi o referido ao exercicio 2006.

III.1.3. INFORMACIÓN CONTABLE DA TESOURERÍA

3.6. O artigo 119 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia dispón que a Conta da Administración da Comunidade se formará en base aos estados e documentos que determine a Consellería de Economía e Facenda, entre outros pola Conta Xeral de Tesourería que poña de manifesto a súa situación e as operacións realizadas durante o exercicio.

As normas vixentes de contabilidade pública ditadas para as oficinas contables, que proveñen da Orde do 27 de decembro de 1986 da Consellería de Economía e Facenda, establecen que a conta de Tesourería, dividida en dúas partes, ten como finalidade reflectir todos os ingresos e pagamentos que se realizan, así como as existencias iniciais e finais do período, e por outro lado as operacións e movementos integrantes en cada unha das operacións do Tesouro, nas agrupacións de debedores, acredores e valores.

A información sobre a Tesourería da Administración xeral recóllese en tres documentos: a conta de Tesourería (integrada no documento de liquidación orzamentaria), o balance, e o informe-memoria do exercicio.

A conta da Tesourería preséntase integrada pola conta dos 11 centros contables (caixas) existentes e polo detalle das existencias de tesourería e valores ao inicio e ao final do exercicio, así como dos ingresos e pagamentos efectuados ao longo deste. Acompáñase das actas de arqueo dos indicados centros e do estado de situación de fondos. O seguinte cadro presenta as existencias iniciais e finais da tesourería nos exercicios 2014-2016 segundo as contas de Tesourería.

Cadro 1. Existencias iniciais e finais do período 2014-2016. Conta de Tesourería. (Euros)

	2014		2015		2016	
	EXIST. INICIAIS	EXIST.FINAIS	EXIST. INICIAIS	EXIST.FINAIS	EXIST. INICIAIS	EXIST.FINAIS
B. DE ESPAÑA	27.874.101,6	48.502,14	48.502,1	8.653,6	8.653,63	335.202,2
E. FINANCEIRAS	512.349.279,8	265.030.436,2	265.030.436,2	266.975.834,4	266.975.834,4	343.729.639,3
SUBTOTAL	540.223.381,5	265.078.938,3	265.078.938,3	266.984.488,1	266.984.488,1	344.064.841,6
VALORES	805.594.620,7	809.754.349,4	809.754.349,4	813.007.234,8	813.007.234,8	840.126.739,6
TOTAL	1.345.818.002,20	1.074.833.287,80	1.074.833.287,70	1.079.991.722,90	1.079.991.722,90	1.184.191.581,20

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma

Como xa se puxo de manifesto nos informes de Conta Xeral destes exercicios, a incidencia máis relevante que afecta á representatividade deste saldo vén determinada polo feito de non recoller os importes correspondentes aos saldos que existen a 31 de decembro nas unidades descentralizadas con contas en firme ou a xustificar, contas especiais ou fondos de manobra do SERGAS. Conforme ao Decreto 51/1985, tódalas contas de habilitación, excepto a de nóminas, forman parte da Tesourería.

O saldo da conta de Tesourería dos exercicios fiscalizados 2014-2016 corrixido coas contas de habilitación alcanza a 31 de decembro deses exercicios os seguintes importes:

Cadro 2. Saldo da conta de Tesourería corrixido cos saldos das contas de habilitación. (Euros)

Concepto	2014	2015	2016
Conta Tesourería	265.078.938,30	266.984.488,10	344.064.841,60
Contas habilitación (excepto nóminas)	15.045.559,26	15.270.789,45	14.397.597,33
Total saldo	280.124.497,56	282.255.277,55	358.462.438,93

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma. Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro

3.7. O contraste entre a información que ofrece a conta de Tesourería, o subgrupo 57 do balance e o estado de situación do informe-memoria do exercicio presenta as seguintes diferenzas:

Cadro 3. Contraste de rexistros contables de existencias finais. 2014-2016. (Miles de euros)

Rexistro	2014	2015	2016
Conta de Tesourería	265.079	266.984	344.065
Estado Tesourería (informe-memoria)	264.808	270.234	371.183
Conta 57 do balance	265.144	267.050	344.130

Estado Tesourería (memoria): Saldo que resulta do importe dos cobros e pagamentos reflectidos na propia memoria

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma

- Existen diferenzas relevantes entre os importes de cobros e pagamentos que figuran na conta de Tesourería e no informe-memoria da Conta Xeral. Aínda que o saldo que figura na memoria faise coincidir co da conta, non resulta coherente cos importes dos cobros e pagamentos rexistrados naquela.
- As diferenzas entre o saldo da conta de Tesourería e o rexistrado no subgrupo 57 do balance procede, tódolos anos, da aplicación *332001 Remesas de efectivo recibidas entre Delegacións de*

Facenda e a DX de Política Financeira e Tesouro, que orixina un saldo acredor na conta 578 *Movementos internos de tesourería*.

3.8. A Administración elabora as súas contas, tamén no ámbito da Tesourería, seguindo o Plan de contabilidade pública de Galicia aprobado en 2001, inspirado no Plan xeral de contabilidade pública de 1994, sen terse producido a adaptación ao novo Plan xeral de contabilidade pública, que introduciu cambios na información a reflectir nas contas de Tesourería.

O vixente Plan xeral de contabilidade pública inclúe dentro da información a render sobre a Tesourería, ademais dos documentos reseñados, o estado de fluxos de tesourería, así como un maior desglose do subgrupo 57 do balance en aras a distinguir as contas operativas, as restrinxidas de recadación ou pagamentos e as contas financeiras; e dentro das contas restrinxidas de pagamentos, as provisións de fondos libradas ás contas de pagamentos a xustificar ou a outras contas de habilitados.

Neste sentido, a información do subgrupo 57 do balance non ofrece unha segregación das contas contables a un nivel suficiente que permita identificar os saldos dos distintos tipos de contas bancarias.

Cadro 4. Información que ofrece o subgrupo 57 do balance. Tesourería 2014-2016. (Euros)

Conta	Denominación	2014	2015	2016
5710	Da Dirección Xeral de Política Financeira	262.664.137,73	264.174.226,75	341.846.364,50
5711	Das delegacións territoriais	2.414.800,59	2810.243,32	2.218.477,10
5780	Entre contas da mesma Caixa	-401.110,35	-401.110,35	-401.110,35
5781	Entre contas de distintas Caixas	466.886,04	466.793,62	466.793,62
Total subgrupo 57		265.144.714,01	267.050.153,34	344.130.524,87

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma

Ademais, o sistema de información contable tampouco ofrece a información prevista no Plan contable de Galicia para permitir o coñecemento adecuado da situación dos pagamentos a xustificar e outras provisións de fondos realizadas a favor dos distintos habilitados. Así, contas deste plan como a 575 *Bancos. Contas restrinxidas de pagamentos* -prevista para recoller os saldos a favor da entidade nas contas restrinxidas de provisión de fondos- ou a 558 *Provisións de fondos para pagos a xustificar* non figuran na información contable dispoñible.

III.2. PROCEDIMENTOS DE XESTIÓN DA TESOURERÍA

III.2.1. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS CAIXAS

III.2.1.1. CAIXAS

3.9. O artigo 89 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia establece que con carácter xeral a Tesourería da Comunidade situará os fondos públicos no Banco de España ou nas entidades de crédito e aforro galegas ou que operen en Galicia, en contas das que, en todo caso, posuira a titularidade.

A Tesourería da Comunidade Autónoma estaba organizada no período fiscalizado en 11 caixas, que se recollen no seguinte cadro:

Cadro 5. Caixas en 2016. (Euros)

Caixa	Cta. Banco de España		Ctas. operativas de gastos		Ctas. restrinxidas de ingresos		Total contas	
	Número	Saldo	Número	Saldo	Número	Saldo	Número	Saldo
01 Central	1	335.202	12	305.022.960	0	0	13	305.358.162
02 A Coruña			1	248.304	1	331.364	2	579.667
03 Lugo			1	226.177	1	85.688	2	311.864
04 Ourense			1	155.825	1	518.072	2	673.898
05 Pontevedra			1	222.415	1	6.482	2	228.897
06 Vigo			1	399.830	1	24.321	2	424.151
07 Sergas			6	34.367.310	0	0	6	34.367.310
08 Santiago			1	209.123	0	0	1	209.123
10 AGI			1	245.694	0	0	1	245.694
11 AMTEGA			2	1.652.899	0	0	2	1.652.899
12 Ax.Gal.Serv.Soc			1	13.175	0	0	1	13.175
Total	1	335.202	28	342.763.713	5	965.927	34	344.064.842

Fonte: Intervención Xeral

A Caixa 1, ou caixa central, é a caixa principal tutelada directamente pola dirección xeral. Nútese maioritariamente dos recursos que recibe do Banco de España, pero tamén doutros ingresos achegados pola ATRIGA. Dispón de 13 contas operativas (1 no Banco de España e 12 en entidades bancarias).

As Caixas 2, 3, 4, 5 y 6 son caixas periféricas, situadas nas delegacións da ATRIGA na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, respectivamente, para a xestión dos depósitos e fianzas

constituídas. Cada unha delas dispón de dúas contas, unha de ingresos destes depósitos e outra de pagamentos para a súa devolución.

A Caixa 7, correspondente á caixa do SERGAS, tutelada tamén pola dirección xeral, dispón de 6 contas operativas de pagamentos.

A Caixa 8, localizada na Delegación da ATRIGA en Santiago, dispón dunha única conta, na que se ingresan todas as cantidades procedentes da xestión recadatoria en vía executiva de todos os entes e organismos do ámbito territorial de Santiago (Augas de Galicia, CHUS, Portos, etc). A partir do ano 2014 asume a devolución de ingresos indebidos aos entes de toda Galicia e a devolución das cantidades recadadas en executiva, que se xestionan a través do programa informático XEITO.

Periodicamente recibe cantidades da Caixa 1 para o pagamento das citadas devolucións. As cantidades correspondentes ao cobro de tributos da Comunidade Autónoma ingrésanse directamente desde as contas das entidades colaboradoras á Caixa 1 sen pasar pola Caixa 8.

A Caixa 10 corresponde á Axencia Galega de Infraestruturas. Foi constituída o 2 de outubro de 2014 e desde esa data todos os pagamentos da Axencia son canalizados a través desta caixa. Ten unha única conta corrente.

A Caixa 11, constituída o 2 de outubro de 2014, con dúas contas abertas no ano 2016, corresponde á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A Caixa 12 corresponde á Axencia Galega de Servizos Sociais; ten unha soa conta aberta.

Obsérvase que a tendencia nos últimos anos é a centralización da Tesourería, amparándose no artigo 90.4 do TRLRFOG, que dispón que a Consellería de Facenda poderá propoñer ao Consello da Xunta que as operacións de ingreso e de ordenación e realización material do pago das entidades públicas instrumentais as realice a dirección xeral competente en materia de tesourería. Deste modo, centralizáronse as caixas correspondentes á AGI e á AMTEGA mediante Acordo do Consello da Xunta do 4 de setembro de 2014, e a da AGSS mediante Acordo do Consello da Xunta do 18 de decembro de 2014 (sendo efectiva a súa aplicación material desde o 1 de xaneiro de 2015).

Da análise realizada do funcionamento das caixas conclúese a conveniencia dunha planificación dos obxectivos e alcance dese centralización da tesourería².

² Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

III.2.1.2. CONTAS CORRENTES

3.10. Para a adecuada xestión das dispoñibilidades en diñeiro, a Tesourería utiliza, nas caixas, contas abertas en entidades financeiras, entre as que se pode distinguir: contas operativas, contas restrinxidas de recadación, de pagamento, e contas financeiras de colocación de excedentes de tesourería. Así, da información facilitada pola dirección xeral e da obtida nas circularizacións bancarias poden distinguirse os seguintes tipos de contas:

- *Contas operativas.* Son aquelas que centralizan a totalidade de cobros e pagamentos. No estado de situación de Tesourería figuran 28 contas.

A conta no Banco de España recibe os libramentos de fondos procedentes do Estado por diversos conceptos (fondos europeos, FCI, Fondo de Cohesión, FEDER, INTERREG, fondos do sistema de financiamento), e recadación mensual da quiniela e quinigol, entre outros.

Dez contas da Caixa 1 recollen as cantidades transferidas do Banco de España e outros ingresos (das contas de recadación da ATRIGA, de depósitos e fianzas, ou das caixas periféricas, entre outros) e, á súa vez, distribúen fondos ao resto das caixas e efectúan os pagamentos correspondentes ás ordes de pagamento de todas as consellerías e os realizados aos habilitados.

A denominación de operativa dalgunhas destas contas bancarias non se corresponde coa súa finalidade, como é o caso das contas de ingresos das delegacións e a conta de Abanca ABANCA-79, que teñen como obxecto única e exclusivamente recibir ingresos ou xuros xerados nas contas correntes autorizadas de titularidade da Xunta de Galicia.

Destacar que para o control do aboamento de xuros efectuados nas contas operativas existiu ata o ano 2014 un aplicativo informático (TAYA) que comprobaba mediante a execución dunha liquidación paralela á das entidades bancarias a corrección das liquidacións. Na actualidade estase traballando no desenvolvemento dun novo aplicativo polo CIXTEC, polo que se veñen realizando comprobacións aleatorias sobre unha mostra de liquidacións.

- *Contas asociadas.* Recollen saldos a favor da Administración como consecuencia da colocación de excedentes de tesourería. Foron utilizadas nos exercicios 2014 e 2015 (non así no 2016) e presentan saldo cero a 31 de decembro de cada ano. No exercicio 2014 existían 8 contas asociadas, destinadas a colocar excedentes transitorios ou temporais de tesourería superiores a 1.500.000 euros por espazos de tempo limitado. Formalizáronse mediante unha acta de conformidade que completa o contrato de conta asociada asinado con cada entidade depositaria dunha conta

operativa. A acta detalla o importe, a data inicial e de vencemento, período e tipo de xuro e base de cálculo. Dado que estes contratos se subscriben con tódalas entidades financeiras nas que existe unha conta operativa, non se asegura unha selección de ofertas que permita a optimización da rendibilidade dos fondos e o cumprimento dos principios do artigo 1 da Lei de contratos do sector público.

- *Contas restrinxidas de ingresos.* Utilízanse exclusivamente para a realización de cobros. Situadas nas caixas periféricas, estas contas de ingresos reciben cantidades procedentes de depósitos e fianzas constituídas. Destas contas envíanse remesas á Caixa 1, sen un criterio uniforme, cando se acada un saldo determinado (no caso da delegación de Pontevedra) ou con periodicidade quincenal (no caso da delegación da Coruña).

- *Contas de pagamentos especiais.* Son contas para a provisión de fondos ás habilitacións, utilizadas exclusivamente para a realización de pagamentos.

- *Contas de pagamentos en firme e a xustificar nas habilitacións.* En ámbolos dous casos trátase dunha descentralización de tesourería en contas correntes a nome de habilitados ou pagadores para o posterior pagamento ou distribución entre distintos perceptores. Analízanse no apartado III.2.3 deste informe referido á xestión da tesourería descentralizada.

- *Contas de nóminas.* Puido confirmarse que os cargos teñen a súa orixe exclusivamente no pagamento de nóminas. Porén, dentro dos aboamentos existen importes que non proveñen dos libramentos das contas operativas, senón que son consecuencia de reintegros ou de xuros, sen que existan instrucións internas que definan o réxime destes movementos.

- *Contas do fondo de manobra do SERGAS.* Mediante esta conta efectúase a dotación de fondos de carácter extraorxamentario e permanente a favor dos centros de xestión para a atención inmediata de gastos correntes en bens e servizos de pequeno importe ou de urxente aboamento. A reposición de fondos aos centros lévase a cabo previa remisión, por parte dos primeiros, dos datos correspondentes aos documentos acreditativos dos gastos realizados e rexistrados no sistema contable XUMCO. A ausencia dunha normativa reguladora actualizada limita a operatividade do procedemento e leva consigo unha falta de homoxeneidade de criterios en canto á xestión destes gastos polos centros.

- *Contas de centros públicos docentes non universitarios.* Tódolos centros públicos docentes non universitarios teñen aberta unha conta corrente para xestionar os movementos de fondos para gastos de funcionamento e outra para a xestión do comedor escolar nos centros que dispoñan deste servizo. As contas correntes debe autorizalas a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro. As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria están obrigadas a manter un inventario destas contas correntes autorizadas.

Non hai constancia da autorización destas contas por parte da dirección xeral. Na circularización realizada figuran con NIF da Xunta contas de só oito centros docentes cun saldo total a 31 de decembro de 2014 de 80 mil euros.

III.2.1.3. ARQUEOS E CONCILIACIÓNS BANCARIAS

3.11. A acta de arqueo resume o movemento de fondos no período de tempo ao que se refire. O total de existencias finais que este documento arroxa debe coincidir coa desagregación por entidades financeiras e contas correntes que figuran no informe denominado *Estado de situación de fondos*.

Ámbolos informes reflicten o total de existencias contables de tesourería ao peche do período ao que se refiran. Na acta de arqueo, partindo das existencias iniciais do período, reflíctense os cobros e os pagos para obter as existencias finais. O estado de situación de fondos recolle a desagregación destas existencias finais por entidades financeiras e contas correntes.

Respecto das contas operativas, non existen diferenzas entre ámbolos informes en ningún dos exercicios do período fiscalizado, tal e como se pode apreciar no cadro seguinte. Esta información non se obtivo, non obstante, respecto das contas de habilitación.

Cadro 6. Actas de arqueo 2014-2016. (Miles de euros)

ENTIDADE	2014	2015	2016
Estado de situación de fondos	265.031	266.787	344.040
Actas Arqueo	265.031	266.787	344.040
Diferenzas	0	0	0

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma

A Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro efectúa diariamente un arqueo por cada entidade, e a 31 de decembro un arqueo por caixa con respecto ás caixas que manexa (caixa 1, caixa 7, caixa 10, caixa 11 e caixa 12).

3.12. A xestión das conciliacións dos saldos contables das contas correntes operativas cos saldos reais, segundo extracto das entidades financeiras, realízase a diario pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro. Cada día compróbase que os ficheiros cargados en XUMCO a través do

CIXTEC coinciden coa documentación que envía cada entidade bancaria relativa aos ingresos e pagamentos realizados o día anterior, facendo no seu caso a conciliación.

Das probas de auditoría realizadas pódese afirmar que o proceso de conciliación dos saldos das contas operativas é sólido e fiable.

III.2.1.4. INVENTARIO DE CONTAS

3.13. Tódolos anos, o Consello de Contas solicita á Intervención Xeral unha relación informática das contas existentes no exercicio en cada unha das caixas, subcaixas e habilitacións (contas para pago de nóminas, de pagos en firme, a xustificar, restrinxidas, outras, etc.) certificada pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, que conteña os seguintes datos: a entidade (razón social e enderezo), número de conta, número de autorización, tipo de conta de gastos, título da conta, a data de apertura ou cancelación, o saldo contable, o xuro aplicable, réxime de sinaturas e persoas autorizadas para o manexo de fondos.

A dirección xeral vén enviando a través da Intervención Xeral a relación destas contas coa información solicitada, agás no referido ao réxime de sinaturas e persoas autorizadas.

Para a obtención desta última información, remite ás distintas consellerías, indicando que aínda que nos contratos de apertura figura unha relación de persoas autorizadas estas poden ir cambiando ao longo do tempo, e son aquelas as que coñecen as persoas que están autorizadas en cada momento.

O número de contas que figuran nas relacións remitidas ao Consello é o seguinte:

Cadro 7. Inventario de contas 2011-2016

ENTIDADE	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Número de contas inventario	474	535	294	267	265	266

Fonte: Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro

Do exame destas relacións remitidas ao Consello advírtese a ausencia dun criterio uniforme para a determinación das contas a incluír no inventario. Así, mentres nalgúns exercicios se viñeron incluíndo contas de organismos e sociedades públicas, atendendo a un criterio de contas suxeitas a autorización, noutros limitáronse a recoller as contas xestionadas pola dirección xeral e as contas de habilitación.

Polo tanto, se ben da relación anual do número de contas pode constatarase unha diminución daquelas ao longo destes anos, non pode facerse unha cuantificación precisa desta evolución a partir dos datos facilitados nesas relacións.

En calquera caso, faise necesario que a dirección xeral se dote dun rexistro informatizado de contas correntes bancarias da Tesourería, de carácter máis formal que o actual inventario, no que se inscriban todas aquelas cuxa existencia ou apertura deba autorizar, con indicación como mínimo das persoas responsables da súa xestión e custodia, a resolución de nomeamento dos asinantes, os importes máximos a que se encontra limitada a súa xestión, e os termos particulares nos que se autorizaron. Segundo o noso criterio, ese rexistro de contas debe informar e diferenciar ademais entre as contas que integran o saldo da Tesourería da Comunidade Autónoma e as contas que conforman o saldo da Tesourería centralizada da Administración xeral que se rende na conta de Tesourería.

Aos efectos de manter actualizada dita información, tamén resulta necesario o establecemento de mecanismos de comunicación ao servizo xestor das variacións de calquera circunstancia para a súa inscrición.

III.2.1.5. CIRCULARIZACIÓN A ENTIDADES BANCARIAS

3.14. No exercicio das funcións de control, realizouse unha circularización a tres das entidades financeiras (ABANCA, Banco de Santander e BBVA) nas que se tiñan situado fondos no exercicio 2014.

Para estes efectos solicitouse da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro que remitise aos bancos un modelo de escrito que debían devolver ao Consello de Contas coa información detallada das posicións da Tesourería da Administración en cada entidade seleccionada. A información demandada concretouse no seguinte detalle:

- Contas correntes a nome da Xunta de Galicia (NIF Xunta)/clase de contas/saldo e tipo de xuro.
- Titulares das sinaturas autorizadas para operar con esta contas.
- Aperturas e cancelacións realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.

As respostas de confirmación recibíronse con diferente información, non sempre atendendo á totalidade da solicitada, e en distintos formatos. En calquera caso, os resultados mostraron a conveniencia de realizar esta proba con periodicidade anual, por parte do control interno ou da

propia dirección xeral, en aras a fortalecer a fiabilidade dos datos que contén a rendición de contas da Administración autonómica.

As conclusións máis relevantes obtidas con esta proba resúmense a continuación:

- Entre os titulares con sinatura autorizada para operar con estas contas figuran varias persoas que xa non traballan na dirección xeral ou nas distintas habilitacións que xestionen as contas, algunhas delas mesmo xubiladas. Como exemplos, as contas BBVA *337, *724,*452 ou ABANCA *357, *172 e *323.
- Existen contas con NIF da Comunidade Autónoma, que alcanzan un saldo total de 49,9 millóns de euros, que non teñen reflexo no saldo da Tesourería da Administración xeral. Estas contas son maioritariamente contas de recadación, titularidade da Comunidade Autónoma pero xestionadas pola ATRIGA, con fondos que periodicamente se traspasan ás contas operativas sobre os que a dirección xeral só vai exercer as facultades de control a partir do momento no que son traspasados.
- Existen contas con NIF da Comunidade Autónoma xestionadas por distintos centros residenciais para maiores ou dependentes (quinze contas cun saldo total de 828 mil euros) ou por centros docentes (dez contas cun saldo de 80 mil euros) que non figuran na relación de contas autorizadas facilitada pola dirección xeral.

III.2.2. ORZAMENTOS DE TESOURERÍA, LIQUIDEZ E NECESIDADE DE ENDEBEDAMENTO

3.15. O orzamento de tesourería é o instrumento principal para a planificación da tesourería. A través desta ferramenta determínanse as necesidades de financiamento alleo en cada momento a fin de definir un óptimo de liquidez necesaria e, á súa vez, cumprir coas obrigas de pagamento aos provedores en prazo.

A continuación reflíctese a evolución dos saldos mensuais da tesourería no exercicio 2014 (único orzamento de tesourería facilitado ao equipo de fiscalización) con e sen o recurso ao endebedamento.

**Cadro 8. Evolución mensual das existencias s/ orzamentos de tesourería 2014. (Miles de euros)**

Mes	Saldo inicial	Cobros	Pagos	Saldo tesourería	Saldo tesourería sen ELP	Endebedamento LP
Xaneiro	524.172	1.100.061,47	810.338,10	813.895,32	364.895,32	449.000,00
Febreiro	813.895	1.161.144,83	837.871,70	1.137.168,13	637.168,13	500.000,00
Marzo	1.137.168	837.110,07	825.855,05	1.148.423,02	1.148.423,02	
Abril	1.148.423	1.185.950,50	928.902,83	1.405.470,67	905.720,67	499.750,00
Maio	1.405.471	664.242,19	1.304.308,07	765.405,12	765.405,12	
Xuño	765.405	872.520,11	1.195.799,32	442.125,79	441.985,79	140,00
Xullo	442.126	977.185,21	799.037,37	620.273,84	620.273,84	
Agosto	620.274	730.921,39	757.975,10	593.220,29	593.220,29	
Setembro	593.220	658.551,15	682.029,99	569.741,16	569.741,16	
Outubro	569.741	666.521,95	765.762,76	470.500,19	470.500,19	
Novembro	470.500	1.251.839,68	1.054.136,65	668.203,03	168.203,03	500.000,00
Decembro	668.203	935.980,02	1.357.162,97	247.020,05	142.020,05	105.000,00

Fonte: Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro

Analizado o orzamento de tesourería, durante este ano obsérvase que o menor saldo de liquidez presentado corresponde ao mes de decembro, cun importe aproximado de 247 millóns de euros. Obsérvase que nos diferentes meses do exercicio analizado os saldos de tesourería chegaron a superar con folgura (ata case quintuplicar) a cifra anteriormente expresada, o que suxire que podería atrasarse no tempo o endebedamento disposto. Esta posibilidade viuse condicionada non obstante polas condicións dos mercados financeiros dese exercicio 2014³.

III.2.3. XESTIÓN DA TESOUSERÍA DESCENTRALIZADA

III.2.3.1. DESCRICIÓN E FUNCIONAMENTO

3.16. A regra xeral na execución orzamentaria é o pago directo aos acredores, mentres que o pagamento a través de mediadores (habilitacións) contéplase tan só para circunstancias determinadas, como poden ser o pago de retribucións de persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, os anticipos de caixa fixa, os pagos a xustificar, etc. Nas habilitacións distínguese a seguinte tipoloxía de contas:

³ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

- Contas en firme
- Contas a xustificar
- Contas de nóminas
- Pensións e contas especiais (residuais)
- Fondo de manobra para os centros do SERGAS

Cadro 9. Contas xestionadas polas habilitacións 2014-2016. (Euros)

Concepto	2014		2015		2016	
	Nº contas	Importe	Nº contas	Importe	Nº contas	Importe
Pagos en firme	33	7.227.681,17	33	7.236.839,08	33	7.584.256,38
Pagos a xustificar	98	6.058.894,57	98	6.259.606,36	106	4.991.672,63
Pagos nómina	86	8.559.391,12	86	8.896.682,46	87	9.039.127,54
Fondo de manobra (SERGAS)	10	948.249,37	10	954.981,24	9	946.261,85
Contas especiais	2	806.138,60	2	809.505,87	2	809.505,87
Pensións	3	4.595,55	3	9.856,90	3	65.900,60
Total	232	23.604.950,38	232	24.167.471,88	240	23.436.724,87

Fonte: Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro

3.17. As ordes de pagamento poden realizarse en firme ou a xustificar. As primeiras, que se refiren aos pagamentos que se libran para gastos coa acreditación documental do servizo feito, poden, á súa vez, dividirse noutros dous tipos: as expedidas a favor do acredor directo do dereito, e as expedidas a favor dun caixeiro pagador para que este efectúe finalmente o pago a distintos perceptores.

Por outra banda, e con carácter excepcional, as ordes de pagos a xustificar deberían utilizarse para satisfacer gastos que non contan cos requisitos de acreditación documental que xustifiquen que se realizou a prestación que orixinou o gasto.

Contas para pagamentos a xustificar

3.18. Segundo o artigo 77 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia:

“1. Terán o carácter de pagos a xustificar os fondos librados para atender gastos que non poidan ir acompañados da documentación xustificativa a que se fai referencia no artigo anterior.

2. Poderán expedirse ordes de pago a xustificar nos supostos seguintes:

a) Cando os documentos xustificativos non poidan achegarse antes de efectuar a proposta de pago.

b) Cando se considere conveniente a utilización deste sistema para axilizar significativamente a xestión dos créditos.

c) Cando as ordes de pago teñan por obxecto satisfacer gastos en localidades onde non existan dependencias do organismo autónomo”.

En contra do carácter excepcional que debe ter o sistema de pagamentos a xustificar, a Administración xeral, ao abeiro deste artigo 77.2. b), vén xeneralizando este procedemento como un recurso de descentralización da tesourería a disposición dos habilitados para a axilización da xestión dos créditos en lugar do sistema de anticipos de caixa fixa, que a Administración xeral non implantou.

Desta forma, tal e como se advertiu na revisión dunha selección de contas, este sistema estase a empregar, obviando ese carácter de “a xustificar”, de forma bastante habitual para o aboamento de gastos xa xustificadas –isto é, con acreditación documental da súa realización anterior ao seu pagamento-, para os que, polo tanto, podía tramitarse o gasto conforme ao procedemento ordinario de execución orzamentaria, suxeito a fiscalización previa e con máis esixencias no ámbito da transparencia do gasto.

Neste sistema, pola súa propia configuración, o control sobre o destino último destes recursos lévase a cabo unha vez que se realizou o gasto, mediante o exame da conta xustificativa cuxa rendición é obrigada para o habilitado.

Esta rendición conleva a correlativa obriga da Intervención Xeral de verificar que os gastos foron xustificadas no prazo de tres meses e que foron correctamente aplicados en atención á súa natureza e importe.

O número de contas desta categoría existentes no período analizado recóllese no cadro anterior, así como o seu saldo a finais do exercicio, que como se indicou non se integra no Estado de Tesourería da Administración xeral.

A Xunta non utiliza na súa contabilidade ningunha conta de tesourería de pagamentos a xustificar para rexistrar as operacións que se tramitaron mediante este procedemento. Tampouco existen contas para levar o seguimento contable de tales libramentos, o seu pago, as disposicións realizadas polos habilitados e os reintegros. Esta forma de xestión dificulta o seguimento dos pagamentos a xustificar, dado que a información contable non discrimina estas contas.

Contas para pagamentos en firme

3.19. Como xa se indicou, o réxime ordinario de ordenación de pagamentos esixe que se acredite previamente que tivo lugar o recoñecemento da correspondente obriga mediante a presentación de documentos xustificativos daquela.

Non obstante, co ánimo de dotar de operatividade e axilidade a distintos servizos, o Decreto 51/1985 prevé a posibilidade de situar fondos en contas correntes abertas en entidades financeiras a nome de distintas habilitacións para o pagamento e distribución entre diferentes perceptores, non só de haberes, senón de adquisicións, subministracións e subvencións.

O cadro 9 recolle o número de contas desta categoría existentes no período analizado, así como o seu saldo a finais do exercicio, que como se indicou non se integra no Estado de Tesourería da Administración xeral.

O número de contas abertas para os libramentos en firme aos habilitados pasou de 95 no ano 2011 a 33 nos exercicios fiscalizados. O recurso ás contas para pagamentos a xustificar e a utilización indistinta de pagamentos en firme ou a xustificar para o pagamento de servizos prestados e xustificados con anterioridade a este pago cuestiona a necesidade das contas de pagamentos en firme aos habilitados.

III.2.3.2. REVISIÓN DUNHA SELECCIÓN DE CONTAS DE HABILITACIÓN

3.20. Fiscalizáronse nove contas bancarias xestionadas por distintas habilitacións. Os resultados da revisión puxeron de manifesto, con carácter xeral, unha adecuada xestión e posterior xustificación destes fondos, sen prexuízo dos seguintes aspectos sobre os que cómpre incrementar o control:

- A inexistencia de conciliacións das contas ao cerre do exercicio, así como a falta de instrucións sobre o envío á dirección xeral de arqueos e extractos de contas á data de cerre do estado de situación da tesourería das habilitacións.
- A falta de homoxeneidade no tratamento da devolución de remanentes entre as distintas habilitacións, que debe corrixiarse con instrucións por parte da dirección xeral. Se ben na maioría dos centros esta devolución practícase, noutros casos non se está realizando.
- Constatouse en numerosas contas xustificativas a utilización dos pagamentos a xustificar para gastos que contan con acreditación documental da súa realización con anterioridade ao seu pagamento.

- De forma singular, advertiuse a xestión polo habilitado dalgunha consellería de contas de entidades instrumentais, así como a existencia de contas innecesarias (como a conta para o pagamento de retencións de IRPF e seguridade social) sobre as que a propia habilitación afectada ten solicitado a súa cancelación.
- Facturas de data posterior ao período máximo de tres meses que pode abarcar a planificación do gasto e con libramento posterior ao primeiro mes do trimestre.
- Gastos de atención protocolaria que se xustifican coa certificación da persoa beneficiaria dos fondos que corresponderían ao concepto *226.01 Atencións protocolarias* e porén impútanse no concepto *226.99 Outros gastos*.

III.3. PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO

III.3.1. REGULACIÓN E MÉTODO DE CÁLCULO

3.21. A Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, traspuxo ao noso ordenamento xurídico as medidas que nesta materia foron establecidas polas directivas comunitarias.

Nunha primeira redacción, a lei establecía como límite do prazo de pago pola Administración trinta días despois da aceptación ou verificación. Tras a modificación efectuada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo, este prazo establécese en sesenta días desde a data de entrega da mercadoría ou prestación do servizo.

A partir do 24 de febreiro de 2013, o Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, establece un prazo máximo para realizar a aceptación ou conformidade (dos bens ou servizos) de trinta días naturais desde a data de recepción ou prestación daqueles e un prazo de pago de trinta días despois da data en que ten lugar a aceptación ou verificación dos bens ou servizos, mesmo aínda que a factura ou solicitude de pago se recibira con anterioridade á aceptación ou verificación.

Co obxecto de adecuar a normativa de contratación administrativa a este criterio, esta norma modifica o apartado 4 do artigo 216 do texto refundido da Lei de contratos do sector público en

idéntico sentido.⁴ Este criterio mantense na Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

3.22. A Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), introducindo dentro do principio de sustentabilidade financeira o control da débeda comercial.

Aos efectos previstos na LOEOSF enténdese por sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

O Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O período medio de pagamento definido nesta norma mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como un indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na lexislación de contratos e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. O período medio de pagamento non pode superar os 30 días.

⁴ O artigo 216.4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba a Lei de contratos do sector público, establece: "A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4, e se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para a devindicación de xuros, o contratista deberá ter cumprida a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo."

III.3.2. A PUBLICIDADE DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO

3.23. A Lei orgánica 9/2013, do 20 decembro, de control da débeda comercial no sector público, establece a obriga da publicación do período medio de pagamento da débeda comercial, sinalando que: “Transcorrido un mes desde a entrada en vigor desta lei, todas as Administracións públicas e as súas entidades e organismos vinculados ou dependentes publicarán no seu portal web o seu período medio de pagamento a provedores e incluírán no seu plan de tesourería inmediatamente posterior á devandita publicación as medidas de redución do seu período medio de pagamento a provedores para cumprir co prazo máximo de pagamento previsto na normativa sobre morosidade.”

Durante os exercicios 2014-2016 a Intervención Xeral deu cumprimento á obriga de publicidade descrita, na web da Consellería de Facenda. Desde o mes de outubro do ano 2014 publica con periodicidade mensual un informe sobre o período medio de pagamento por entidades (todas as incluídas no sector Administracións Públicas), que inclúe a ratio de operacións pagadas, a ratio de operacións pendentes de pagamento, e o período medio de pagamento mensual, así como o período medio de pagamento global a provedores mensual.

Ademais de render a información que a Administración do Estado esixe, a Intervención Xeral realiza un seguimento das unidades xestoras que teñen atrasos significativos no pago das súas facturas, mediante requirimentos e informes mensuais.

III.3.3. A IMPLANTACIÓN DO REXISTRO DE FACTURAS

3.24. A Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público, de aplicación para todas as Administracións públicas, crea o Rexistro Contable de Facturas, coa finalidade de rexistrar todas as facturas que emiten os provedores das Administracións públicas e de contribuír ao control e coñecemento da súa tramitación e á mellora dos períodos de pagamento aos provedores.

Como parte da mellora no procedemento de pagamento das facturas, a lei promove a centralización na recepción das facturas por parte das Administracións públicas, e establece a obriga de que cada Comunidade Autónoma dispoña dun Punto xeral de entrada de facturas electrónicas no cal se deben presentar todas as facturas electrónicas dirixidas tanto á Administración xeral como ás entidades que dependen dela e nas que concorren os requisitos para seren consideradas administracións públicas pola normativa que regula a contratación pública.

Con posterioridade, o Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas aprobou a Orde HAP/492/2014, do 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do Rexistro Contable de Facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013.

3.25. A Administración autonómica de Galicia, pioneira na facturación electrónica, xa dispón desde o 2010 do Sistema Electrónico de Facturación (SEF). Este sistema, regulado no Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, e na Orde da Consellería de Facenda do 12 de febreiro de 2010, permite a recepción centralizada das facturas electrónicas e o seu tratamento na Administración xeral da Comunidade Autónoma e nas demais entidades adscritas ao sistema. Ao respecto, a Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, establece na disposición adicional vixésimo segunda que as facturas electrónicas presentaranse no sistema de facturación electrónica. Na actualidade o sistema é utilizado pola totalidade dos organismos autónomos e axencias públicas autonómicas dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, así como por diversas entidades públicas de natureza empresarial dependentes da Xunta de Galicia.

O deseño e a operatividade do SEF proporcionan a este sistema todas as ferramentas necesarias para dar cumprimento á Lei 25/2013 e á Orde HAP/492/2014. Desde a súa posta en funcionamento, en febreiro de 2010, os provedores poden comprobar en cada momento o estado de tramitación en que está a súa factura. A Orde do 26 de febreiro de 2015 regula o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia.

III.3.4. COMPARACIÓN DE DATOS DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO 2014-2016

3.26. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma informa periodicamente sobre os períodos medios de pagamento de cada unha das entidades integradas a efectos de contabilidade nacional no sector Administracións Públicas e, sobre a base destes informes, adopta medidas para asegurar o cumprimento dos prazos que a normativa vixente establece.

No seguinte cadro móstrase o período medio de pagamento mensual das entidades do sector público de Galicia (SEC 2010) e o período medio do conxunto das Comunidades Autónomas:

**Cadro 10. Comparativa período medio de pagamento Galicia-conxunto das CC.AA. (En días)⁵**

Mes	GALICIA	Total conxunto CC.AA.	Diferenza
Outubro 2014	8,21	52,01	-43,80
Novembro 2014	5,16	58,15	-52,99
Decembro 2014	21,19	48,84	-27,65
Xaneiro 2015	21,56	50,55	-28,99
Febreiro 2015	16,27	55,35	-39,08
Marzo 2015	18,20	59,73	-41,53
Abril 2015	27,54	52,83	-25,29
Maio 2015	17,43	45,20	-27,77
Xuño 2015	13,58	40,96	-27,38
Xullo 2015	16,57	44,95	-28,38
Agosto 2015	22,67	48,71	-26,04
Setembro 2015	26,70	55,48	-28,78
Outubro 2015	27,17	58,06	-30,89
Novembro 2015	29,97	61,62	-31,65
Decembro 2015	29,29	51,12	-21,83
Xaneiro 2016	42,41	41,52	0,89
Febreiro 2016	29,56	41,98	-12,42
Marzo 2016	22,00	43,44	-21,44
Abril 2016	18,51	46,92	-28,41
Maio 2016	18,23	50,76	-32,53
Xuño 2016	17,25	46,49	-29,24
Xullo 2016	11,76	37,41	-25,66
Agosto 2016	15,47	40,56	-25,09
Setembro 2016	19,06	41,09	-22,03
Outubro 2016	18,42	35,34	-16,92
Novembro 2016	23,98	33,31	-9,33
Decembro 2016	26,01	28,89	-2,88

Fonte: Informes mensuais de pago a provedores da Consellería de Facenda e informes MINHAP. O indicador pode tomar valor negativo se a Administración paga antes de que transcorresen trinta días naturais desde a presentación das facturas ou certificacións de obra, segundo corresponda.

Sen prexuízo dos resultados favorables que ofrece a comparativa anterior, no seguinte cadro móstranse as entidades cun período de pagamento a provedores máis elevado, segundo a información das súas contas anuais:

Cadro 11. Entidades cun período de pagamento a provedores máis elevado. (En días)

Entidade	2015	2016
Galaria, empresa pública de servizos sanitarios	69	83
Fundación Cidade da Cultura	44	74
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	N/C	112
SODIGA	44	42
SOGAMA	84	54

Fonte: Contas anuais das entidades. No caso da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, datos da Consellería de Facenda. Detalle por entidades PMP

⁵ Cadro modificado como consecuencia das alegacións.

3.27. No transcurso da fiscalización realizouse unha proba de auditoría consistente en seleccionar unha mostra das facturas aboadas, comprobando a consistencia das datas utilizadas para calcular o período medio de pagamento coas datas reais do sistema SEF, resultando, en xeral, satisfactorias as comprobacións realizadas:

a) Nun 30% das facturas analizadas correspondentes a outubro de 2014 atopáronse incidencias e erros no rexistro das datas que afectan ao cómputo do período medio de pagamento: facturas nas que non consta o rexistro de entrada; data de entrada computada diferente da que figura na factura; ou data de presentación que difire dun histórico facilitado. Este tipo de incidencias corrixióronse coa consolidación do sistema electrónico de facturación, como puido advertirse nas mostras de facturas revisadas de períodos posteriores. A revisión realizada sobre unha mostra de facturas do mes de outubro de 2016 puxo de manifesto, por outro lado, que un 10% das facturas examinadas (que supoñen un 20% do importe revisado) estaban incluídas nun contrato de factoring, no que o acredor tiña cedido o crédito a unha entidade financeira para adiantar o cobro.

b) Non se advertiu a práctica de priorizar o pago das facturas de importe elevado en prexuízo das de importes pequenos, que puidera levar a resultados inadecuados. O método de cálculo do período medio de pago inflúe de maneira determinante nos criterios de ordenación dos pagos das Administracións públicas. Na práctica, a ponderación que este método realiza a favor dos importes de maior contía –aboando as facturas de maior importe en detrimento das demais obterase unha mellor puntuación no cálculo do período medio de pago– convida aos xestores da Tesourería a priorizar o pago das facturas de importe elevado, en prexuízo das facturas de importes pequenos, o que pode conducir a situacións inxustas.

c) A Intervención Xeral debía efectuar auditorías de sistemas anuais para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento previstas na lei e normativa de desenvolvemento e, en particular, que non quedan retidas facturas presentadas no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, sen que se acreditara a súa realización ao peche de 2016.

IV. OPINIÓN/CONCLUSIÓN

Opinión sobre a representatividade das contas de tesourería

4.1. Na nosa opinión, a conta de Tesourería rendida reflicte a situación dos cobros e pagamentos realizados no exercicio. A representatividade das existencias finais vese afectada pola falta de integración dos saldos de determinadas contas bancarias dentro da información financeira de acordo co marco que resulta de aplicación, nos termos dispostos no apartado 4.5 destas conclusións.

Opinión sobre o cumprimento das normas e disposicións aplicables á xestión da Tesourería

4.2. As actividades realizadas na xestión da Tesourería resultan conformes coa normativa aplicable á xestión dos fondos públicos nesta materia, salvo polo disposto na conclusión 4.9.

Observacións máis significativas

4.3. A Administración autonómica non promoveu un desenvolvemento do marco contable nin da normativa que regula o réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería da Comunidade Autónoma acorde coas esixencias e crecemento do volume de cobros e pagos da Comunidade Autónoma.

Destacar de forma positiva que a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, incluíu as contas das axencias públicas autonómicas, as das entidades públicas empresariais e as das entidades públicas instrumentais de consulta e asesoramento na Tesourería da Comunidade Autónoma co obxecto de acadar un maior control e unha mellor xestión de todos os recursos financeiros que constitúen a Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.4. A Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro non dispón de información completa sobre o número e condicións das contas bancarias, firmas autorizadas, saldos e censo ou inventario de habilitados, tal e como puxo de manifesto o contraste da relación de contas entregada ao Consello coa obtida por esta Institución a través da circularización bancaria.

4.5. O saldo de determinadas contas de habilitación (cun importe conxunto de, polo menos, 14 millóns de euros en todos os exercicios fiscalizados) seguen sen recollese na conta de Tesourería

nin na contabilidade financeira da Administración xeral, quedando fóra do sistema de información contable, que deixa de recoller a información relativa aos saldos e á evolución das contas bancarias.

4.6. A pesar da atribución da xestión das contas bancarias á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, esta non vén exercendo as facultades de control e contabilización das contas restrinxidas de ingresos asignadas á ATRIGA ata o momento en que os fondos daquelas son traspasados ás contas operativas de ingresos.

4.7. O saldo final de existencias en metálico que ofrecen as actas de arqueo das contas operativas cadran, nos anos aos que se refire esta fiscalización, co saldo final de existencias que arroxa o estado de situación de fondos do respectivo exercicio. No caso das contas de habilitación, estes arqueos e o estado de situación de fondos non se trasladan ao Consello de Contas coa conta de Tesourería.

4.8. O saldo das contas operativas contrástase mediante o mecanismo de conciliación bancaria destas contas. Das probas, comprobacións e verificacións realizadas pódese afirmar que o proceso de conciliación dos saldos bancarios destas contas co saldo de cada conta corrente operativa segundo a contabilidade da Administración xeral é sólido e fiable.

4.9. En contra do carácter excepcional que debe ter o sistema de pagamentos a xustificar, a Administración xeral vén xeneralizando este procedemento como sistema de axilización da xestión dos créditos, estendéndoo a gastos que non teñen carácter de “a xustificar” por dispoñer de acreditación documental con anterioridade ao seu pagamento, e que, polo tanto, podían tramitarse conforme ao procedemento ordinario de execución orzamentaria. Este procedemento resta control e transparencia ao gasto realizado baixo a súa cobertura.

4.10. O período medio de pagamento da Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia está por debaixo do número de días fixado pola lexislación aplicable en cada momento. Na comparativa autonómica destaca positivamente o período medio de pagamento da Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia.

V. RECOMENDACIÓNS

5.1. Recoméndase que se reflectan nos estados contables de fin de exercicio os saldos existentes de tódalas contas de habilitación dos centros da Administración xeral da Comunidade Autónoma, co obxecto de ofrecer unha imaxe fiel sobre a situación da súa tesourería.

A Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro debe considerar os saldos das contas restrinxidas de recadación xestionadas pola ATRIGA como integrantes do saldo final de tesourería e proceder á súa contabilización.

5.2. Recoméndase segregar as contas contables ata un nivel suficiente que permita identificar os saldos dos distintos tipos de contas bancarias e coñecer a xestión realizada en relación cos pagamentos a xustificar.

5.3. Debería implantarse un proceso informático contable que integrando as contas de habilitación asegure a consistencia de datos entre as existencias en metálico das actas de arqueo e o saldo final do estado de situación de fondos.

5.4. Debería actualizarse a normativa reguladora do réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería.

5.5. Debería regularse e poñer en marcha un Rexistro de Contas Correntes da Tesourería da Comunidade Autónoma no que se inscriban todas as contas cuxa existencia ou apertura deba ser autorizada por aquela, cun contido mínimo de datos que permita un adecuado control daquelas e relacionar os seus saldos coa conta de Tesourería, así como establecer os mecanismos de comunicación ao servizo xestor dese rexistro das variacións de calquera circunstancia para a súa inscrición.

5.6. Recoméndase que a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro ou a Intervención Delegada de Facenda realicen unha circularización anual de todas as posicións activas e pasivas da Tesourería da Comunidade Autónoma, que permita un maior control das contas de habilitación e de centros con autonomía de xestión.

5.7. ⁶

5.8. Co fin de levar a cabo un adecuado control das liquidacións de xuros debe poñerse en marcha un aplicativo informático que comprobe a corrección das liquidacións efectuadas polas entidades bancarias.

⁶ Recomendación eliminada como consecuencia das alegacións.

VI. ALEGACIÓNS





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadefacenda.es


galicia



Achégolle as alegacións formuladas ao Anteproxecto de Informe de Fiscalización relativo á Tesourería da Administración Xeral, correspondente aos exercicios 2014-2016, pola Intervención xeral da Comunidade Autónoma e pola Dirección xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018

A interventora xeral da Comunidade Autónoma.


Almudena Chacón Pichel

CONSELLEIRO DA ÁREA DE CONTA XERAL
CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA



**TESOURERIA
2014-2016**

Alegacións ao Anteproxecto do Informe de Fiscalización

20 de abril de 2018



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es



Asunto: Alegacións ao Anteproxecto de Informe de Fiscalización relativo á Tesourería da Administración Xeral, correspondente aos exercicios 2014-2016, formuladas pola Intervención xeral da Comunidade Autónoma.

- **OBSERVACIÓN**

Apartados 3.7

(Páx 17 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN**

Na conta de tesourería figuran as existencias iniciais a 1 de xaneiro desglosadas en tres apartados distintos: Banco de España, Outros Bancos e Valores. Porén, no estado de tesourería do que se rende información no informe memoria as existencias iniciais son 266.984 incluíndo Banco de España e outros bancos pero sen incluír os valores que non pertencen ao grupo 57.

Como cobros e pagamentos incluíuse o importe total da conta de tesourería sen ter en conta o importe correspondente aos valores, de xeito que o valor que debeu de figurar como cobros no informe memoria é de 10.279.837 (10.387.847-108.010) sendo o importe dos pagamentos 10.202.756 (10.283.647-80.891).

Con estes datos de cobros e pagamentos no estado de tesourería do informe memoria, o saldo final das existencias é de 344.065 coincidindo cos datos da conta de tesoureira.

- **OBSERVACIÓN**

Apartados 3.8

"A administración elabora as súas contas, tamén no ámbito da Tesourería, seguindo o Plan de contabilidade pública aprobado en 2001, inspirado no Plan xeral de contabilidade pública de 1994, sen terse producido a adaptación ao novo Plan xeral de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadefacenda.es

galicia

contabilidade pública, que introduciu cambios na información a reflectir nas contas de Tesourería"

(Páx 18 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN**

No ano 2018 dende a Intervención Xeral se procederá á reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable das normas internacionais aplicables á contabilidade do sector público.

- **OBSERVACIÓN**

"Existen contas con NIF da Comunidade Autónoma, que alcanzan un saldo total de 49,9 millóns de euros, que non teñen reflexo no saldo da Tesourería da Administración xeral. Estas contas son maioritariamente contas de recadación, titularidade da Comunidade Autónoma pero xestionadas pola ATRIGA, con fondos que periodicamente se traspasan ás contas operativas sobre os que a dirección xeral só vai exercer as facultades de control a partir do momento no que son traspasados."

(Páx. 26 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN**

Na Conta Xeral do ano 2017 incorporárase a información das contas de recadación, titularidade da Comunidade Autónoma, pero xestionadas pola ATRIGA.

- **OBSERVACIÓN**

Apartados 3.17 e 3.18.

(Páxs 28 e 29 do anteproxecto)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

CONCLUSIÓN

4.9. *En contra do carácter excepcional que debe ter o sistema de pagamentos a xustificar, a Administración xeral vén xeneralizando este procedemento como sistema de axilización da xestión dos créditos, estendéndoo a gastos que non teñen carácter de “a xustificar” por dispoñer de acreditación documental con anterioridade ao seu pagamento, e que, polo tanto, podían tramitarse conforme ao procedemento ordinario de execución orzamentaria. Este procedemento resta control e transparencia ao gasto realizado baixo a súa cobertura.*
(Páx. 38 do anteproxecto)

• ALEGACIÓN

O artigo 77.2 do Decreto lexislativo 1/1999 de 7 de outubro polo que se aproba o texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia establece que poderán expedirse ordes de pagamento para xustificar nos supostos seguintes:

- “a) Cando os documentos xustificativos non poidan achegarse antes de efectuar a proposta de pagamento.*
- b) Cando se considere conveniente a utilización deste sistema para axilizar significativamente a xestión dos créditos.*
- c) Cando as ordes de pagamento teñan por obxecto satisfacer gastos en localidades onde non existan dependencias do organismo autónomo de que se trate.”*

De acordo co anterior, hai que salientar como a normativa cando regula expresamente os supostos nos que pode empregarse este procedemento non se circunscribe aos casos en que os documentos xustificativos non poidan achegarse no momento do pago, xa que os procedementos tramitados co obxecto de “axilizar significativamente a xestión dos créditos”, **resultan tamén procedementos axeitados, e conformes á normativa vixente.**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

Ademais asegura o Consello de Contas que este procedemento impide que o gasto se tramite polo procedemento ordinario de execución orzamentaria, suxeito a fiscalización previa e con máis esixencias no ámbito de transparencia do gasto.

Este centro directivo non comparte dita afirmación. Así cómpre lembrar que o artigo 5 da Orde de 26 de febreiro de 1993 pola que se regula a expedición de ordes de pagos a xustificar establece:

“Con cargo aos libramentos derivados destas propostas, as unidades administrativas promoverán as actuacións correspondentes en función da contía e natureza do gasto, debendo observarse a este fin as disposicións vixentes en materia de xestión, tramitación, contratación e fiscalización que, no seu caso, puidesen corresponder; xa que as mesmas han de ser de aplicación con independencia do sistema de pagos que para cada caso se adopte”

Debe salientarse polo tanto, que os gastos tramitados por este procedemento, se ben difiren o momento do seu control ao momento do rendemento da conta xustificativa, son en todos os caso gastos tramitados dentro dos límites prescritos pola normativa vixente, ao igual que o resto dos gastos.

- **OBSERVACIÓN**

*“Cadro 10. Comparativa período medio de pagamento Galicia-conxunto das CCAA.”
(Páx. 35 do anteproxecto)*

- **ALEGACIÓN**

Na paxina web da Consellería de Facenda publícase todos os meses, incluíndo o mes de agosto de 2016, a información sobre o período medio de pago do mes que corresponda, estando na actualidade publicada toda a serie histórica dende outubro de 2014, primeiro mes no que dita publicación resultou obrigatoria de acordo coa normativa do estado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadefacenda.es

galicia

Ademais, no informe que publica mensualmente a Secretaría de Estado de Administraciones Públicas na súa paxina web relativo aos prazos de pago e débeda comercial das CCAA, inclúen un apartado relativo ao “Estado da información” onde non se indica ningunha incidencia respecto a publicación da información por parte da comunidade autónoma de Galicia na súa web do dato do mes de agosto de 2016.

O dato publicado para ese mes ascende a 15,47 días.

Igualmente cabe indicar que os datos que aparecen no cadro 10 do anteproxecto para os meses de Febreiro 2016, Maio 2016, Xuño 2016 e Xullo 2016, non coinciden cos publicados nin no informe da Secretaría de Estado de Administraciones Públicas, nin cos publicados na web da Consellería de Facenda. Segundo os datos que están publicados os que figuran no dito cadro relativo a esos meses son os correspondentes aos meses do exercicio 2017. Os datos correctos serían:

Febreiro 2016 : 29,56 días

Maio 2016 : 18,23 días

Xuño 2016 : 17,25 días

Xullo 2016 : 11,75 días

Polo tanto solicítase a modificación do cadro numero 10 do anteproxecto, nos aspectos sinalados.

• **OBSERVACIÓN:**

“ c) A Intervención Xeral debía efectuar auditorías de sistemas anuais para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento previstas na lei e normativa de desenvolvemento e, en particular, que non quedan retidas facturas presentadas no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, sen que se acreditara a súa realización ao peche de 2016.”

(Páx. 36 do anteproxecto).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadefacenda.es

galicia

• **ALEGACIÓN**


A configuración técnica do Rexistro Contable de Facturas implica o cumprimento das condicións de funcionamento previstas na normativa estatal e autonómica (Lei 25/2013 de impulso de la factura electrónica y creación del registro contable de facturas e a Orde da Consellería de Facenda de 6 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia).

En concreto, e dado que o Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia é ao mesmo tempo o Punto Xeral de Entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia e o Rexistro Contable de Facturas, é imposible que queden no Punto Xeral de Entrada facturas retidas sen pasar ao Rexistro Contable de Facturas.

Poren, o uso diario do sistema polos usuarios e a tutela permanente que desde a Intervención Xeral realizase sobre este uso constitúen actuacións que serven para garantir o adecuado funcionamento do sistema. Por último, no Plan de control financeiro de 2017 tense incluído auditorías de sistemas para verificar o cumprimento das condicións de funcionamento do sistema electrónico de facturación naquelas entidades que non formado parte do orzamento consolidado están obrigadas ao uso do sistema electrónico de facturación pola normativa vixente, proporcionando o mesmo resultado que as auditorías de sistemas ás que se refire o Consello de Contas.

Santiago de Compostela, a 20 de abril de 2018

A interventora xeral da Comunidade Autónoma


Almudena Chacón Pichel



DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA
FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS
EUROPEOS

XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Nº data.20/04/2018

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE FACENDA Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos	
Data	20 ABR. 2018
ENTRADA Nº	
SAÍDA Nº	287

NOTA INTERIOR	De: DIRECTOR XERAL DE POLITICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS
	A: INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE FACENDA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS	
20 ABR. 2018	
ENTRADA Nº	910
SAÍDA Nº	

Achéganse alegacións ó anteproxecto de informe de fiscalización da tesourería da Administración Xeral dos exercicios 2014-2016.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018

O director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos



Davila Cabalo Fernández

**ALEGACIONES ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN DA
TESOURERÍA DA ADMINISTRACIÓN XERAL. EXERCIZOS 2014- 2016.**

PAX. 12. ANTEPROXECTO

Apartado 3.1: Axencia Galega de Igualdade.....

Alegación 1:

Onde dí “ Axencia Galega de Igualdade”, debe dicir “ Axencia Galega de Infraestruturas”.

PAX. 13. ANTEPROXECTO

Apartado 3.3: *“O Decreto 51/1985 da Consellería de Economía e Facenda, sen revisión desde ese ano, regula a situación e dispoñibilidade dos fondos en firme e a xustificar e, de forma moi sucinta, os controis de autorización e réxime de funcionamento das contas bancarias. Desde entón a Comunidade Autónoma non promoveu un desenvolvemento normativo do réxime de funcionamento e xestión destas contas acorde coas esixencias e crecemento do volume de fondos xestionados pola Comunidade Autónoma e, neste sentido, faise necesaria unha actualización normativa que regule, entre outros aspectos, os tipos de contas permitidas, o procedemento a seguir na apertura e cancelación de contas, a instrumentación das relacións de colaboración coas entidades financeiras, as relacións do Tesouro cos centros de xestión con autonomía con contas abertas, o réxime de control sobre estas, e mesmo a regulación dun inventario de tódalas contas autorizadas cun contido mínimo dispoñible para un adecuado control.”*

PAX 37. ANTEPROXECTO

Conclusión 4.3. *“A Administración autonómica non promoveu un desenvolvemento do marco contable nin da normativa que regula o réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da*

Tesourería da Comunidade Autónoma acorde coas esixencias e crecemento do volume de cobros e pagos da Comunidade Autónoma.”

PAX 38. ANTEPROXECTO

Reomendación 5.4 “Debería actualizarse a normativa reguladora do réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería.”

Recomendación 5.5 “Debería regularse e poñer en marcha un Rexistro de Contas Correntes da Tesourería da Comunidade Autónoma no que se inscriban todas as contas cuxa existencia ou apertura deba ser autorizada por aquela, cun contido mínimo de datos que permita un adecuado control daquelas e relacionar os seus saldos coa conta de Tesourería, así como establecer os mecanismos de comunicación ao servizo xestor dese rexistro das variacións de calquera circunstancia para a súa inscrición.”

Alegación 2:

Na actualidade esta dirección xeral está traballando neste senso, elaborando unha Orde na que se regula o funcionamento e xestión das contas bancarias e os fondos integrantes da Tesourería, na que se recolle os distintos tipos de contas, procedemento a seguir para a súa apertura e cancelación, funcionamento e réxime de control. Así mesmo nesta mesma orde, vaise regular o Rexistro de Contas autorizadas, establecendo o seu funcionamento e a información que debe conter.

A previsión é que antes de finalizar o ano 2018 esta orde estea en vigor.

PAX 14. ANTEPROXECTO

Apartado 3.5.1. “O réxime de autorización de contas afecta ás que manexa directamente a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, e tamén a tódalas contas que integran a Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia: contas das habilitacións de gasto, dos centros da Administración xeral con

autonomía de xestión como as dos centros docentes (artigo 12 do Decreto 201/2003), ou contas de entidades e centros da Administración instrumental.

Un primeiro aspecto destacable que se advertiu, que reflexa unha debilidade do control interno, foi a inexistencia de información completa sobre o número e condicións das contas bancarias abertas (con firmas autorizadas, saldos e censo ou inventario de habilitados), que se puxo de manifesto ao realizar o contraste da relación de contas entregada ao Consello coa obtida por esta Institución a través da circularización bancaria.

Neste sentido, neste momento por parte da Consellería non se teñen arbitrado medidas técnicas e normativas para o adecuado control desas contas.”

Alegación 3:

De acordo con anteriores informes e recomendacións efectuadas polo CC, periodicamente actualízase o rexistro de contas abertas nas distintas entidades financeiras, así dende o ano 2012 ata o ano 2017 déronse de baixa un total de 169 contas autorizadas.

Compre sinalar que para a apertura dunha conta de titularidade da Xunta de Galicia é requisito imprescindible que a entidade interesada envíe unha solicitude a esta dirección xeral, xunto cunha memoria que xustifique a necesidade da súa apertura, a finalidade da conta e as persoas autorizadas para o manexo dos fondos. No caso de que esta sexa autorizada, e unha vez asinado o contrato, deberán enviar unha copia do mesmo, que queda nesta dirección xeral.

De todas as contas autorizadas a dirección xeral leva un rexistro que se vai actualizando de acordo cos cambios comunicados.

Así mesmo, para un maior control das contas autorizadas e mantemento do citado rexistro, realízanse procesos de actualización. O último destes procesos de revisión iniciouse o pasado mes de outubro a través das secretarías xerais técnicas de cada Consellería, solicitando relación actualizada das contas autorizadas (nómina, en firme, a xustificar, contas operativas, restrinxidas...), tanto da administración xeral, como dos organismos dependentes, reiterando a súa obriga de comunicar calquera cambio das persoas autorizadas para o

manexo dos fondos que se produzan, así como a necesidade de mantelas abertas.

Tamén se indicou nesta solicitude, que aquelas contas das que teña coñecemento esta unidade e que non veñan recollidas nesta relación, se iniciarán os trámites correspondentes para a súa cancelación.

Adicionalmente, a aplicación informática SIAN proporciona información das contas, movementos e saldos das mesmas.

En todo caso, e reiterando o sinalado na alegación 1, na actualidade estase traballando na actualización da normativa reguladora do réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería.

PAX 15. ANTEPROXECTO

Apartado 3.5.3. *“Por último, un instrumento que o ordenamento xurídico pon a disposición da Tesourería para garantir unha correcta distribución temporal dos recursos financeiros é o plan de disposición de fondos, que ten por obxecto establecer a prioridade no pago das distintas obrigas, respectando en todo caso a preferencia de pago dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores.*

Os obxectivos que se pretenden coa aprobación deste plan serían, entre outros, axustar a expedición das ordes de pago ás dispoñibilidades líquidas da Tesourería e establecer os prazos máximos e datas en determinados pagamentos e capítulos de gasto que pola súa importancia e repercusión social ou económica, é convinte que quede reflectido o seu período de libramento.

Pese ao seu carácter de instrumento básico de xestión da Tesourería por parte das Administracións, o último plan aprobado que se puxo a disposición deste equipo de fiscalización foi o referido ao exercicio 2006.”

Alegación 4:

As disposicións de fondos por parte da Tesourería se efectúan de acordo co Orzamento de Tesourería Anual e cos Orzamentos de Tesourería Mensuais que se elaboran pola S.X. do Tesouro.

Estes orzamentos de tesourería, tal e como recolle o propio Consello de Contas neste Informe son “o instrumento principal para a planificación da tesourería” e recollen as previsións de ingresos e pagos para o período e, no seu caso, a planificación das necesidades transitorias de liquidez, o que permite axustar o pagamento material das propostas recibidas polos distintos órganos xestores de acordo coas previsións de ingresos e dispoñibilidades líquidas de tesourería.

O Plan de disposición de Fondos ao que permite á normativa orzamentaria tiña por obxecto establecer prioridades, prazos de pago e límites nos distintos tipos de pago, nuns escenarios económicos e xurídicos que en nada teñen que ver cos actuais.

Estes Plans deixaron de ter sentido nos últimos anos como instrumento de xestión e organización da tesourería dado que moita da actual regulación incide, directa ou indirectamente, sobre o pagamento das obrigas, establecendo prioridades e prazos de pagos que compre respectar.

Neste sentido, a normativa europea e española establece a prioridade no pagamento da débeda pública, que debe ser atendida con prioridade nas datas de pago establecidas.

Por outra banda, o pagos das obrigas derivadas de gastos de persoal ou similares ven recollidas en diferentes normativas que regulan os prazos para a elaboración e tramitación das nóminas, os pagamentos por cotizacións á seguridade social e cotas retidas en concepto de IRPF, o pagamentos da Risga e outros derivados de axudas de emerxencia social, etc.

Así mesmo, a normativa para o control da débeda comercial no sector público, exige o cumprimento de prazos máximos de pago que non permite a limitación nin a acumulación de pagos en determinadas datas, senón que exigen un pagamento áxil.

Nos últimos anos esta Comunidade Autónoma, tal e como reflicten os diferentes indicadores, está realizando importantes esforzos para garantir o cumprimento desta normativa. O pagamento material das propostas de pago recibidas realízase no prazo mais corto posible e entendemos que é convinte que non se establece ningún límite á recepción de propostas de pagamento destinadas ao pagamento de provedores polos órganos xestores do gasto.

En definitiva, entendemos que o plan de disposición de fondos non é un instrumento actualmente valido para a xestión da tesourería, que ten que responder con axilidade e flexibilidade no pagamento das diferentes obrigas.

PAX 20. ANTEPROXECTO

Apartado 3.9. *“...Da análise realizada do funcionamento das caixas conclúese a conveniencia dun plan de organización das caixas pagadoras.”*

Alegación 5:

Coa finalidade de axilizar os pagamentos e reducir os prazos de pago aos provedores, mellorando a eficiencia xeral do sistema, a Xunta de Galicia está a levar un proceso de centralización da tesourería das distintas entidades públicas instrumentais, coa conseguinte centralización das operacións de ingreso, de ordenación e de realización material do pagamento destas entidades na Tesourería da Comunidade Autónoma.

Esta centralización trae consigo a existencia de distintas caixas pagadoras, perfectamente organizadas e delimitadas, independentes en canto ao seu funcionamento, pero de xestión coordinada pola Tesourería da CA. Neste senso, non se entende nin se xustifica a conclusión á que se chega no Informe no que se fai referencia “á conveniencia da existencia dun plan de organización das caixas pagadoras.”

PAX 21. ANTEPROXECTO**Apartado 3.10.**

“Contas asociadas. Recollen saldos a favor da Administración como consecuencia da colocación de excedentes de tesourería. Foron utilizadas nos exercicios 2014 e 2015 (non así no 2016) e presentan saldo cero a 31 de decembro de cada ano. No exercicio 2014 existían 8 contas asociadas, destinadas a colocar excedentes transitorios ou temporais de tesourería superiores a 1.500.000 euros por espazos de tempo limitado. Formalizáronse mediante unha acta de conformidade que completa o contrato de conta asociada asinado con cada entidade depositaria dunha conta operativa. A acta detalla o importe, a data inicial e de vencemento, período e tipo de xuro e base de cálculo. Dado que estes contratos se subscriben con tódalas entidades financeiras nas que existe unha conta operativa, non se asegura unha selección de ofertas que permita a optimización da rendibilidade dos fondos e o cumprimento dos principios do artigo 1 da Lei de contratos do sector público.”

Alegación 6:

Asociada a cada conta operativa da Tesourería existía unha “Conta Asociada” destinada á colocación de excedentes de tesourería.

Por motivos de axilidade e seguridade, a colocación dos excedentes de tesourería, historicamente se viña realizando nas entidades con conta operativa, seleccionado a oferta máis vantaxosa dentro do dito “pool” de entidades.

Unha copia das “ Actas de Conformidade” formalizadas no ano 2014 se lle facilitou a ese Consello.

As últimas imposicións realizadas se formalizaron en xuño do ano 2014. No ano 2015, non se efectuou ningunha operación de colocación, e así se manifestou en todo momento.

No mes de setembro do ano 2016 canceláronse todas as contas asociadas abertas nas entidades bancarias.

PAX 22. ANTEPROXECTO

Apartado 3.10. –“ *Contas de centros públicos docentes non universitarios. Tódolos centros públicos docentes non universitarios teñen aberta unha conta corrente para xestionar os movementos de fondos para gastos de funcionamento e outra para a xestión do comedor escolar nos centros que dispoñan deste servizo. As contas correntes debe autorizalas a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro. As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria están obrigadas a manter un inventario destas contas correntes autorizadas.*

Non hai constancia da autorización destas contas por parte da dirección xeral. Na circularización realizada figuran con NIF da Xunta contas de só oito centros docentes cun saldo total a 31 de decembro de 2014 de 80 mil euros.”

Alegación 7:

No Decreto 201/2003, de 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía da xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios, establécese, no artigo 12.1, que:

“1. Tódolos centros públicos docentes non universitarios terán aberta unha conta corrente para xestiona-lo movemento de fondos para gastos de funcionamento e outra para a xestión do comedor escolar nos centros que dispoñan deste servizo.

As contas correntes abranse de acordo co procedemento previsto no Decreto 51/1985, do 21 de marzo, sobre situación e dispoñibilidade de cantidades libradas en firme e para xustificar.

En tódalas contas correntes deberá figurar, xunto ó nome do centro, a denominación Comunidade Autónoma de Galicia.

A disposición dos fondos será realizada por dous funcionarios docentes autorizados para o efecto, un deles o director do centro, con sinaturas mancomunadas. Excepcionalmente, nos centros de menos de tres unidades será suficiente a sinatura do responsable.

2. As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria manterán un inventario das contas correntes autorizadas que conteña as persoas autorizadas a dispoñer dos fondos e os períodos de validez desta autorización.”

Neste sentido, as contas autorizadas de habilitación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reciben directamente os libramentos de fondos desde as Contas Operativas da Tesourería da Xunta de Galicia. Desde estas contas se efectúan os libramentos de fondos as contas dos centros públicos docentes non universitarios, coa periodicidade e as porcentaxes que se establece no artigo 11 da orde de 26 de febreiro de 1993, e unha vez efectuadas as xustificación e feitas as conciliacións correspondentes, que son enviadas ás xefaturas territoriais da consellería, así como aos servizos centrais e a Intervención Delegada da Consellería (art.15 Decreto 201/2003).

De acordo co mesmo decreto, as xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, teñen no seu poder un inventario de contas correntes autorizadas, coas persoas autorizadas para dispoñer dos fondos e os períodos de validez desta autorización.

Todas estas conciliacións e xustificacións, que obran en poder da Consellería da Educación, así como o inventario de contas autorizadas dos centros públicos docentes non universitarios están a disposición que desta dirección xeral.

PAX 24. ANTEPROXECTO

Apartado 3.13: *“Do exame destas relacións remitidas ao Consello advírtese a ausencia dun criterio uniforme para a determinación das contas a incluír no inventario. Así, mentres nalgúns exercicios se viñeron incluíndo contas de organismos e sociedades públicas, atendendo a un criterio de contas suxeitas a autorización, noutros limitáronse a recoller as contas xestionadas pola dirección xeral e as contas de habilitación.”*

Alegación 8:

A información remitida é a solicitada polo Consello. Na dirección xeral, xunto coas solicitudes de autorización de apertura das contas e os correspondentes contratos asinados, están rexistradas as persoas autorizadas para o manexo dos fondos e as modificacións que se foron comunicando, aínda que esta información non figuren na relación informática enviada ao Consello.

PAX 26. ANTEPROXECTO

Apartado 3.14. *“As respostas de confirmación recibíronse con diferente información, non sempre atendendo á totalidade da solicitada, e en distintos formatos. En calquera caso, os resultados mostraron a conveniencia de realizar esta proba con periodicidade anual, por parte do control interno ou da propia dirección xeral, en aras a fortalecer a fiabilidade dos datos que contén a rendición de contas da Administración autonómica.”*

As conclusións máis relevantes obtidas con esta proba resúmense a continuación:

- *Entre os titulares con sinatura autorizada para operar con estas contas figuran varias persoas que xa non traballan na dirección xeral ou nas distintas habilitacións que xestionen as contas, algunhas delas mesmo xubiladas. Como exemplos, as contas BBVA *337, *724,*452 ou ABANCA *357, *172 e *323. “*

Alegación 9:

Desde a Dirección Xeral, de xeito regular, se veñen realizando comprobacións coas entidades financeiras para a actualización dos datos das contas autorizadas, co obxecto de depurar os datos rexistrados, aínda que estas comprobacións non se realizan con periodicidade anual tal e como propón o informe.

En relación coas contas operativas xestionadas por esta Dirección Xeral, calquera cambio efectuado nas persoas autorizadas é comunicado ás entidades financeiras (tanto a baixa como a alta das persoas autorizadas para o dispor da conta), deixando sen efecto calquera comunicación anterior. Ditas comunicacións están á disposición do CC nesta Dirección Xeral.

Neste sentido, a última comunicación realizada á entidade financeira é a única que vincula con respecto á autorización para o manexo de fondos nas respectivas contas

PAX 26. ANTEPROXECTO

Apartado 3.15:. *“O orzamento de tesourería é o instrumento principal para a planificación da tesourería. A través desta ferramenta determínanse as necesidades de financiamento alleo en cada momento a fin de definir un óptimo de liquidez necesaria e, á súa vez, cumprir coas obrigas de pagamento aos provedores en prazo.*

A continuación reflíctese a evolución dos saldos mensuais da tesourería no exercicio 2014 (único orzamento de tesourería facilitado ao equipo de fiscalización) con e sen o recurso ao endebedamento.”

Alegación 10:

De acordo coa súa petición, ao equipo de fiscalización, se lle facilitou o orzamento de tesourería dos anos 2014, 2015 e 2016.

PAX 27. ANTEPROXECTO

Analizado o orzamento de tesourería, durante este ano observase que o menor saldo de liquidez presentado corresponde ao mes de setembro, cun importe aproximado de 247 millóns de euros. Se consideramos este importe como o mínimo necesario de funcionamento da CA, podemos entender que por encima del non sería preciso recorrer ao endebedamento, co consecuente aforro de xuros.

Observase que nos diferentes meses do exercicio analizado os saldos de tesourería chegaron a superar con folgora(ata case quintuplicar) a cifra anteriormente expresada, o que suxire que podería atrasase no tempo o endebedamento disposto, aos efectos desas redución de gastos financeiros da CA.

**Alegación 11:**

En xeral, o endebedamento das entidades e empresa, xa sexan públicas ou privadas, nos mercados financeiros e de capitais e, en particular, o momento no que se formalizan, non responden as necesidades de liquidez que xurdan no exercicio, senón a aspectos varios como a situación dos mercados e súa previsible evolución nos vindeiros meses, ás expectativas da curva de tipos de xuros, o perfil de vencementos, etc.

Centrándonos no ano 2014, obxecto do informe, é coñecida a situación dos mercados financeiros e a dificultade que tiveron as AAPP para financiarse; de feito moitos CCAA tiñan pechado o acceso ao mercados e tiveron que acudir aos mecanismos de rescate habilitados polo Estado para poder financiarse e pagar aos seus provedores.

A CA de Galicia, ao igual que as CCAA que puideron financiarse nos mercados ou o propio Tesouro do Estado, facía un seguimento continuo da situación dos mercados e a súa evolución, e analizaba as propostas e oportunidades de financiamento que podían xurdir tendo en conta as condicións financeiras e as circunstancias sinaladas anteriormente.

Polo que este suposto aforro de custes que sinala o CC no seu Informe debería xustificalo tendo en conta todas as circunstancias sinaladas e o risco, tanto de execución como financeiro, en canto ao retraso na formalización das operacións de endebedamento, e non facer un análise limitada simplemente as dispoñibilidades líquidas da Tesourería.

Hai que ter en conta, que o endebedamento a longo prazo non responde ás necesidades de liquidez, para isto esta a débeda de tesourería que, no ano 2014, non foi utilizada pola Xunta de Galicia, precisamente porque ao longo do exercicio tivemos liquidez, que se colocou aos prazos precisos, coa conseguinte rendibilidade, circunstancia esta que tampouco ten en conta este apartado do Informe.

Por outra parte os operacións de endebedamento a longo prazo, usualmente se realizan por prazos anuais, polo que unha operación a 10 anos que se formalice, por exemplo, en decembro do 2014 devengaría menos xuros no ano

2014, pero mais no ano 2024, en todo caso os xuros pagados sería os mesmos e non existiría ese aforro que sinala o Informe.

En consecuencia, todas estas circunstancias non foron tidas en conta no Informe, o que pon de manifesto unha lixeireza na análise e unha falta de coñecemento na xestión e do funcionamento dos mercados.

PAX 37. ANTEPROXECTO

Conclusión 4.4. *“A Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro non dispón de información completa sobre o número e condicións das contas bancarias, firmas autorizadas, saldos e censo ou inventario de habilitados, tal e como puxo de manifesto o contraste da relación de contas entregada ao Consello coa obtida por esta Institución a través da circularización bancaria.”*

Alegación 12:

A Dirección Xeral posúe información sobre as contas autorizadas, así como dos seus saldos e movementos a través da aplicación informática SIAN.

PAX 39. ANTEPROXECTO

Apartado 5.8. *“Co fin de levar a cabo un adecuado control das liquidacións de xuros debe poñerse en marcha un aplicativo informático que comprobe a corrección das liquidacións efectuadas polas entidades bancarias.”*

Alegación 13: Neste momento está practicamente finalizado e estase realizando probas e comprobacións coa liquidación efectuada no primeiro trimestre do exercicio 2018 polas entidades financeiras cun aplicativo informático desenvolvido polo CIXTEC, de acordo cos nosa petición, e que nos permite efectuar as comprobacións das liquidacións de xuros efectuadas polas entidades.

VII. RÉPLICAS

RÉPLICAS DO CONSELLO DE CONTAS ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POLA INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN DA TESOUSERÍA DA ADMINISTRACIÓN XERAL EXERCICIOS 2014-2016

Trámite de alegacións

En cumprimento do disposto no artigo 47.1. do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas, aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas o día 23 de febreiro de 2017 (DOG nº 46, do 7 de marzo de 2017), a interventora xeral da Comunidade Autónoma, no prazo sinalado no escrito de remisión do informe de fiscalización do Consello de Contas, formulou as correspondentes alegacións, que se xuntan a este informe de fiscalización.

Con relación ao seu contido e tratamento, independentemente das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuran nas réplicas, cómpre sinalar con carácter xeral que excepto nos casos concretos que así o requiran, non se valoran as alegacións que confirmen deficiencias ou irregularidades sinaladas no informe; que expoñan criterios e opinións sen soporte documental ou normativo ou ben que non rebatan o contido do informe, senón que se trate de explicacións ou xustificacións sobre as actuacións da entidade fiscalizada. Nos supostos nos que se modifica total ou parcialmente o contido dalgún punto do informe, indicárase este feito expresamente mediante nota a pé de páxina.

Réplicas ás alegacións

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **3.7** do informe de fiscalización, relativo a diferenzas na contabilización dos saldos das existencias finais dos exercicios 2014-2016.

Alégase que esas diferenzas corresponden á inclusión no Estado de Tesourería (informe memoria) das contas de valores que presentan un saldo positivo de 27.119 euros, mentres que na conta de Tesourería non están incluídos.

O saldo de tesourería a 31 de decembro de cada ano reflicte, basicamente, o importe en efectivo e das contas bancarias existentes a dita data. Este importe debe coincidir en todos os rexistros contables presentados pola entidade a esa data.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **3.8** do informe de fiscalización, relativo á elaboración das contas seguindo o antigo Plan de contabilidade pública aprobado en 2001.

Alégase que no presente ano 2018 se procederá á reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable.

Este Consello de Contas valora os traballos que a Administración está a levar a cabo para a elaboración e implantación dun novo Plan xeral contable que actualice o rexistro das operacións económicas realizadas; porén, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **3.14** do informe de fiscalización, relativo ao non reflexo contable de determinadas contas titularidade da Comunidade Autónoma.

Alégase que xa na Conta Xeral do ano 2017 se incorpora a información das contas de recadación titularidade da Comunidade Autónoma pero xestionadas pola ATRIGA.

As alegacións non contradín o indicado no anteproxecto de informe, polo que non supoñen a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas aos apartados **3.17**, **3.18** e **4.9** do informe de fiscalización, relativos ao uso xeneralizado pola Administración do sistema de pagos a xustificar cando se podían realizar tales pagamentos polo procedemento ordinario ao dispoñer de acreditación documental.

Alégase que o uso deste procedemento ten por obxecto axilizar a xestión, e que o seu uso está suxeito ás distintas disposicións vixentes en materia de xestión e fiscalización que puidesen corresponder.

No informe de fiscalización indicábase que, con carácter xeral, a Administración vén xeneralizando o procedemento de pagos a xustificar como un recurso de descentralización para a axilización da xestión dos créditos, estendéndoo a gastos que non teñen o carácter de “a xustificar” por dispoñer de acreditación documental con anterioridade ao seu pagamento, e que, polo tanto, resta control e transparencia a este gasto que debía tramitarse conforme ao procedemento ordinario de execución orzamentaria.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **3.26** do informe de fiscalización, relativo á comparativa do período medio de pagamento entre Galicia-Resto das CC.AA.

Alégase que o cadro 10 do informe de fiscalización inclúe algúns datos do exercicio 2017, en vez de 2016.

Comprobada a observación realizada, modifícase o informe no sentido indicado, substituíndo os datos do informe correspondentes aos meses de febreiro, maio, xuño, xullo e agosto de 2016 polos datos alegados.

Réplica ás alegacións formuladas ao **punto c)** do apartado **3.27** do informe de fiscalización, relativo aos controis que debería realizar a Intervención Xeral sobre o funcionamento do rexistro das facturas.

Alégase que a configuración técnica do Rexistro Contable de Facturas implica o cumprimento da normativa estatal e autonómica prevista. Tamén, que o Plan de control financeiro de 2017 inclúe a realización de auditorías para verificar o cumprimento das condicións de funcionamento do sistema electrónico de facturación dalgunhas entidades que non forman parte do orzamento consolidado.

As alegacións non contradín o indicado no anteproxecto de informe, polo que non supoñen a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **3.1** do informe, relativo ao ámbito e funcións da Tesourería.

Alégase que onde di "Axencia Galega de Igualdade" debe dicir "Axencia Galega de Infraestruturas".

Acéptase a alegación, e modifícase en consecuencia o informe no senso de cambiar o nome alegado.

Réplica ás alegacións formuladas aos puntos **3.3, 4.3, 5.4 e 5.5** do informe, relativos ao control interno e actualización do marco normativo na área de Tesourería.

Alégase que a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos está traballando neste senso, elaborando neste 2018 unha orde que regule o funcionamento e xestión das contas bancarias e outros fondos integrantes da Tesourería.

A dispoñibilidade dos fondos, os controis de autorizacións para o seu manexo e o funcionamento en xeral das contas bancarias debe estar regulado. O informe de fiscalización indicaba que a norma existente na actualidade data de 1985, sen existir actualizacións acorde co crecemento destes fondos.

A alegación non contradí o indicado no anteproxecto de informe, polo que non supón a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **3.5.1** do informe, relativo á falta de información completa sobre o número e condicións das contas bancarias abertas que se puxo de manifesto a través da información obtida da circularización bancaria.

Alégase que, de acordo con anteriores informes e recomendacións efectuadas polo Consello de Contas, periodicamente actualízase o rexistro de contas das distintas entidades financeiras; así, desde o ano 2012 ata o ano 2017 déronse de baixa un total de 169 contas autorizadas. Conclúe reiterando que na actualidade estase traballando na actualización da normativa reguladora do réxime de funcionamento das contas bancarias integrantes da Tesourería.

A inexistencia de información completa sobre o número e condicións das contas bancarias existentes, ademais de supoñer unha debilidade no control interno, distorsiona os saldos que figuran nos rexistros contables.

As alegacións non contradín o indicado no anteproxecto de informe, polo que non supoñen a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **3.5.3** do informe de fiscalización, relativo á inexistencia desde o ano 2006 dun plan de disposición de fondos que estableza a prioridade no pago das distintas obrigas.

Alégase que na actualidade eses plans deixaron de ter sentido como instrumento de xestión e organización da tesourería dada la existencia doutra regulación específica para os pagos a realizar.

O plan de disposición de fondos é un instrumento de planificación imprescindible que recolle os criterios a aplicar na expedición das ordes de pago e a súa orde de prioridade na materialización deles, independentemente de que cada modalidade de pagamento estea suxeita a unha norma específica.

En calquera caso, sen entrar a valorar a validez deste instrumento que se cuestiona no escrito de alegacións, cómpre lembrar que o artigo 75 do TRLRFOG establece que “A expedición de ordes de pagamento con cargo ó orzamento da Comunidade e dos seus organismos autónomos deberá axustarse ó plan que sobre disposición de fondos da Tesourería estableza anualmente a Consellería de Economía e Facenda. Na actualidade constitúe, polo tanto, ao noso entender unha obriga legal.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **3.9** do informe, relativo á organización e funcionamento das caixas.

Alégase que para axilizar os pagamentos estase a levar un proceso de centralización da tesourería, o que supón a existencia de distintas caixas pagadoras cuxa xestión é coordinada pola Tesourería da Comunidade Autónoma, polo que non se entende a conveniencia da existencia dun plan de caixas pagadoras

En efecto, constatouse e así se plasma no informe a existencia dun proceso de centralización da tesourería das distintas entidades instrumentais que vai a contribuír a eficiencia xeral do sistema. Na actualidade ese proceso afecta ao SERGAS, AXI, AMTEGA e AGSS.

Cando o informe se refire á planificación deste proceso está aludindo ao establecemento dos obxectivos futuros do alcance desa centralización. Neste sentido, para unha maior claridade, modifícase o informe nestes termos.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **3.10** do informe, relativo á selección das entidades e condicións das contas asociadas.

Alégase que, por motivos de axilidade e seguridade, a colocación dos excedentes de tesourería víñanse realizando nas entidades con conta operativa. Desde setembro de 2016 canceláronse todas estas contas asociadas.

No informe de fiscalización indicábase que este sistema non garante a optimización da rendibilidade destes fondos e que a selección das entidades non está de acordo co que indica a Lei de contratos do sector público.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **3.10** do informe de fiscalización, relativo ás contas de centros públicos docentes non universitarios.

Alégase que está a ser aplicado o que determina o Decreto 201/2003, polo que se desenvolve a autonomía de xestión económica destes centros, e que o inventario das contas autorizadas nestes centros obra en poder da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

Ningunha conta corrente bancaria aberta en centros docentes non universitarios aparece na relación de contas autorizadas pola dirección xeral, polo que non hai constancia ningunha, nin se acredita nesta fase de alegacións que este centro directivo estea autorizando e controlando a apertura destas contas, tal e como lle esixe o Decreto 201/2003 citado .

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **3.13** do informe de fiscalización, relativo á ausencia dun criterio uniforme para determinar as contas existentes no exercicio en cada unha das caixas, subcaixas e habilitacións que certifica a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

Alégase que xunto coas solicitudes de autorización de apertura de contas e os correspondentes contratos figuran as persoas autorizadas para o seu manexo, aínda que esta información non figure na relación enviada ao Consello.

A relación de contas e as persoas autorizadas para o seu manexo foron facilitadas a este Consello segundo a circularización realizada ás entidades implicadas, advertindo que entre estas persoas figuran algunhas que non traballan na dirección xeral nin nas distintas habilitacións, algunhas delas mesmo xubiladas.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **3.14** do informe de fiscalización, en relación coa existencia de firmas autorizadas para o manexo dalgunhas contas de persoas que xa non traballan na dirección xeral.

Alégase que, nas contas operativas xestionadas pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, calquera cambio das persoas autorizadas comunícase ás entidades financeiras.

A relación de contas facilitadas polas entidades financeiras con persoal autorizado que xa non está na dirección xeral ou está xubilado púxose polo Consello de Contas a disposición desa dirección xeral que debe valorar a necesidade de tomar medidas para garantir o efectivo cambio de claveros se as entidades financeiras non atenden ás comunicación que se lle poidan realizar desde a propia dirección xeral.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **3.15** do informe de fiscalización, en relación co orzamento de tesourería.

Alégase que se facilitou o orzamento de tesourería dos anos 2014, 2015 e 2016. Tamén se indica que o endebedamento a longo prazo non responde ás necesidades de liquidez e que a débeda de tesourería non foi utilizada en 2014 porque había liquidez.

Alégase tamén que o informe non ten en conta as circunstancias dos mercados, o que evidencia lixeireza na análise e falta de coñecemento do seu funcionamento.

No curso dos traballos de fiscalización a Dirección Xeral remitiu un documento denominado orzamento de tesourería, referido ao exercicio 2014, que contiña a execución real da tesourería dese exercicio. Reiteradamente solicitáronse os documentos que contiveran as previsións orzamentarias de tesourería, que nunca foron facilitados. Unha vez cerrado o anteproxecto de informe recibíronse no Consello os orzamentos executados dos exercicios 2015 e 2016.

Polo tanto, a información remitida ao Consello nunca respondeu a un orzamento de tesourería entendido como a ferramenta que determina as necesidades de financiamento en cada momento a fin de definir un óptimo de liquidez necesaria e, á súa vez, cumprir coas obrigas de pagamento aos provedores en prazo.

O informe da Conta de Tesourería é unha fiscalización que completa o informe da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, no que se analiza de forma ampla para tódolos exercicios o endebedamento público. O obxecto deste informe de tesourería non é, polo tanto, fiscalizar as operacións de endebedamento, limitándose a abordar un aspecto concreto, que é o contraste entre as disposicións do endebedamento formalizado e a tesourería dispoñible pola Comunidade Autónoma. Isto explica a sucinta análise realizada.

Repárese en que o informe alude á posibilidade de atrasar no tempo o “endebedamento disposto” pero non cuestiona a necesidade da formalización das operacións, entendendo perfectamente que poidan vir condicionadas polo mercado. O informe, con tódalas cautelas, “suxería” que a xestión das disposicións dos préstamos formalizados podía posibilitar o aforro de xuros, sempre que esas disposicións realizadas non viñesen impostas nos contratos formalizados.

Aínda que este aspecto non foi aludido como xustificación no escrito de alegacións, a revisión dos contratos puxo de manifesto que a marxe de decisión sobre as disposicións é practicamente nula e forma parte das condicións impostas polo mercado, que inciden no tipo de xuro.

En consecuencia, estímase a alegación e óbvíase a referencia do informe á posibilidade da redución dos gastos financeiros na xestión deste endebedamento.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **4.4** do informe de fiscalización, en relación co número e condicións das contas bancarias.

Alégase que a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos posúe información sobre as contas autorizadas.

Como xa expresamos anteriormente, a información facilitada por esa dirección xeral diferénciase da proporcionada polas entidades bancarias afectadas de acordo coa circularización realizada a tal efecto.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.8** do informe de fiscalización, en relación co control das liquidacións de xuros.

Alégase que no presente 2018 estará finalizada unha aplicación informática que comprobe a corrección das liquidacións efectuadas polas entidades bancarias.

As alegacións confirman o indicado no anteproxecto de informe, polo que non supoñen a súa modificación.

VIII. ANEXO

ANEXO

Estado da Tesourería da Administración xeral, dos organismos autónomos, das entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e axencias. Exercicio 2016

(Datos en miles de euros)

Entidade	Existencias iniciais	Cobros	Pagamentos	Existencias finais	Fluxo neto
ADMINISTRACIÓN XERAL	266.984	10.387.847	10.283.648	344.065*	104.200
EGAP	493	2.853	3.169	177	-316
IGE	176	4.144	4.005	314	139
AGSP	83	2.153	2.229	7	-76
IGC	7.266	7.436	5.390	9.314	2.046
CGC	122	298	316	104	-18
ISSGA	108	5.243	4.953	397	290
IET	7	3.032	2.948	91	84
IGVS	75.905	96.273	79.690	92.488	16.583
FOGGA	1.093	264.861	245.634	20.320	19.227
CES	40	810	809	41	1
CGRL	44	998	985	57	13
AGADIC	172	10.309	10.205	275	104
GAIN	1.261	45.782	40.806	6.238	4.976
ATRIGA	1.172	20.508	20.697	983	-189
ATURGA	2.551	35.998	38.067	483	-2.069
ACIS	356	2.397	2.456	296	-59
ADPS	950	28.788	22.056	7.681	6.732
AXEGA	4.779	6.592	5.372	5.999	1.220
CIXTEC	7	11.050	10.114	943	936
IGAPE	24.486	59.953	75.066	9.374	-15.113
INEGA	3.360	8.905	7.837	4.428	1.068
AGADER	489	21.087	20.842	734	245
INGACAL	3.106	3.417	3.619	2.904	-202
INTECMAR	85	2.830	2.907	8	-77
Total	395.095	11.033.564	10.893.820	507.721*	139.745

Fonte: Informe-memoria Conta Xeral

*Estes importes non se corresponden coa suma das existencias iniciais máis a diferenza entre os cobros e os pagamentos

As entidades SERGAS, AGI, AMTEGA e AGSS están en réxime de tesourería centralizada, polo que o seu fluxo neto de tesourería está contido dentro do da Administración xeral.



MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ, secretaria xeral do Consello de Contas de Galicia,


CERTIFICO:

Que o Pleno do Consello de Contas de Galicia, en sesión que tivo lugar o día 19 de xuño de 2018, aprobou o **INFORME DE FISCALIZACIÓN DA TESOULARÍA DA ADMINISTRACIÓN XERAL. EXERCICIOS 2014 - 2016.**

E para que así conste, expido a presente certificación en Santiago de Compostela a 20 de xuño de 2018.

Visto e prace

O conselleiro maior



Consello de Contas de Galicia
CONSELLEIRO MAIOR
José Antonio Resendo López



Consello de Contas de Galicia
SECRETARÍA XERAL